
ABORDAXE!


Revista anarquista

Nº5 · Outono 2015




ABORDAXE

Abordaxe, revista anarquista nº5 · Outono 2015







Editorial

E volvemos lanzarnos á aventura. Por quinta vez consecutiva levamos áncoras, aparellamos velas, aprovisionamos as nosas bodegas cunha boa dose de material subversivo e revolucionario e aproamos o desafío de inflamar conciencias polos mares da tinta e do papel. Atrás deixamos os nosos cómodos refuxios internáuticos, desde os que, cos pés na terra firme do soporte dixital, desempeñamos tamén o asalto de institucións, dogmas e autoridades. Pero o sabor da tinta solivianta con máis forza o noso espírito rebelde, por iso deixamos a munición grosa e o calibre pesado para as nosas aventuras sobre o papel. Internet é para a noticia, para o consumo inmediato, quizais para algún texto reflexivo que urxa ser publicado; pero gardamos para a revista as nosas mellores andanadas de furia libertaria. Non é senón na revista de formato físico onde mellor e con máis saña destripamos o cadáver ambulante desta sociedade capitalista e autoritaria, onde máis alegremente pasamos pola quilla os principios que a sustentan e onde máis nos divertimos empurrando pola táboa os seus valedores, representantes e falsos opoñentes. Así que aquí estamos de novo, dispostos a facer tambalear os cimentos da democracia desde a nosa modesta condición de bucaneiros da conciencia.

E é agora un momento indispensable para lanzar a nosa artillería antiautoritaria, posto que os longos tentáculos da rancia política institucional, co seu caduco cheiro a tanatorio e naftalina, parecen introducirse por entre as loitas sociais para reconducilas á mansa indignación da intención de voto. Parece que, nestes tempos, moitxs dxs que onte se dicían feros piratas resultaron ser simples e obedientes corsarios ao servizo das vellas bandeiras que mellor se acomoden ás súas necesidades e opinións. Abanderadxs do cambio que, con as súas incendiarias chamadas á orde, non fan senón apontoar a estabilidade e a pervivencia do sistema nun eterno cambiar as cousas para que todo siga igual. Renegando de calquera componenda co poder, xa sexa estatal, financeiro ou de calquera outra índole, nós reivindicámonos piratas da guerra social. Sen deus, nin amo nin bandeira combatemos calquera autoridade, sen asinar patentes de corso nin amnistías, asaltando calquera barco que detente autoridade, xa sexa galeón ou carabela. Seguimos reivindicándonos anarquistas incorruptibles nestes tempos ambiguos e estraños nos que ata o voto preténdese tinguir de libertario.

E volvemos á rúa, o lugar que nos corresponde aos anarquistas e antiautoritarios. Nin as poltronas e despachos, nin a cómoda tranquilidade que confire o anónimo ciberespazo. As mesmas rúas nas que nos reunimos, protestamos e, cando hai sorte, eriximos barricadas, son o medio idóneo para a difusión da nosa propaganda revolucionaria. A outros lles deixamos a exclusividade do medio internáutico, desde o que pontificar en pantuflas e albornoz sobre o humano e o divino, xulgando e puntuando as miserias dos que pisamos no chan e nos enporcamos na lama.

Pois iso, que aquí vai outra andanada da nosa subversiva crítica libertaria. Volve ser gratuíta (para vós, queridos lectores, que a nós ben que nos custa). Así que só esperamos que ao que non lle guste o que opinamos lla pase a outro ao que lle poida interesar. ou se non que lle prenda lume e que a use de mecha coa que incendiar un banco, un concello, un xulgado ou unha barricada.

Novas realidades, vellos desexos

As seguintes liñas deben ser lidas como simples propostas para o debate. Pretenden ser someras análises dalgunhas realidades en transformación en relación co contexto no que algúns tipos de intervención anarquista específica foron concebidos. Pretenden ser tan só un intento de expoñer algunhas cuestións nos termos correctos para profundar nelas. Somos conscientes de que as análises aquí expostas son demasiado xerais e superficiais en comparación coa profundidade que requerirían algúns puntos, pero non pode ser doutro xeito tratándose dunha breve contribución para o debate, e deberán facer ás veces de punto de partida, a maneira de esbozo.

A maioría de métodos de intervención sobre a realidade que herdamos, e cos que contamos na actualidade, foron desenvolvidos -aínda que é certo que respondían a tradicións, impulsos, intuicións ou certezas tan vellas como a guerra social- nuns tempos precisos, nuns tempos de derrota. O frustrado salto aos ceos, unido á reestruturación capitalista dos setenta e oitenta, alteraron profundamente a natureza do conflito social. Á automatización e atomización da produción correspondeu un proceso de automatización e atomización social, marcado pola descomposición dos medios obreiros e pola aparición dun novo tipo antropolóxico, xestado desde a posguerra, caracterizado pola súa pusilanimidade, infantilismo, volubilidade , disposición a delegar todos os aspectos da súa existencia en instancias superiores a el, e por habitar nun eterno presente sen memoria no que o propio medio era radicalmente transformado, nun proceso de falsificación guiado polo modelo do parque temático.

Como consecuencia,o conflito social abandona o esquema segundo o cal dous bloques monolíticos e uniformes (burguesía-proletariado, capital-traballo), enfróntanse por un antagonismo

visible e ineluctable, e por contradicións inherentes ao propio funcionamento da economía capitalista. Ao que hai que engadir outra consecuencia de vital importancia: a constatación desde un punto de vista revolucionario da imposibilidade de reapropiación das estruturas produtivas capitalistas con fins liberadores, e o fin de todas as ilusións de expropiación e autoxestión obreira dun mundo deseñado unicamente para a súa propia autoreprodución. O rexeitamento ao traballo (cuxa pulsión atravesaría o movemento obreiro en forma de folgas con reivindicacións imposibles, sabotaxes, absentismo, etc.) en canto a actividade separada atopaba así a súa confirmación histórica. Por tanto a dimensión negativa de calquer proxecto de liberación adquiría especial relevancia, e rompía o equilibrio entre as dimensións ofensivas das loitas defensivas e viceversa.

Conforme a dominación ocupaba todo o terreo social, a pantasma da pacificación e do fin da historia planeaba sobre as prácidas augas dunha postmodernidade nas que as únicas certezas que parecían quedar eran as de obediencia e o imperativo de adaptación á alienación, as únicas que as súas popes nunca se atreveron a cuestionar. Constatábase así a liquidación dun proxecto histórico. O conflito social desprazábase a zonas marxinais (no sentido estrito do termo: relegadas ás marxes, afastadas do centro) co que as perspectivas de intervención, métodos, formas de organización, etc, debían avaliarse e reatoparse con prácticas que sempre estiveran presentes nas loitas antiautoritarias dxs explotadxs. Así, concluído o tempo de cantar as virtudes (míticas ou reais) da clase de conciencia, e de lamentar a desaparición desas relacións(entre o gregarismo e a solidariedade) forxadas ao calor da loita, impúñase a necesidade de buscar o terreo onde reformular (ou onde seguir expoñendo) a cuestión social, e este terreo foi o das manifestacións periféricas dos estragos da ditadura da economía e das relacións de dominación.

O ataque contra aspectos concretos do poder provén pois dunha concepción da dominación como un todo que afecta á totalidade das relacións sociais, e a todas as esferas da existencia. Pero é tamén o terreo no que conservar unha intelixencia ofensiva, unha linguaxe crítica autónoma e un marco conceptual no que o conflito social poida atopar un sentido alén do mero rexeitamento individual, do activismo, ou da espera á recomposición dun suxeito histórico e do advenimento das “condicións obxectivas”. É dicir, provén da necesidade de seguir vivos nun mundo de zombies. Esta realidade foi teorizada de distintas maneiras en distintos lugares, e experimentóuse con distintas formas de actuación subversiva. E é deste contexto de onde provén o método insurreccional tal e como o coñecemos actualmente. Debemos insistir no feito de que nin devandito método, nin a organización informal, nin a perspectiva de conflitividade e ataque permanentes, son un invento italiano dos anos 70-80, como asegura un lugar común bastante estendido recentemente por certos “críticos sociais” despistadxs. Provén, como se dixo, do encontro de elementos que desde tempo atrás forman parte do arsenal dxs explotadxs, coas análises desta nova realidade, á que algún/xs denominaron “sociedade postindustrial”.

A organización informal por tanto, non só é máis libertaria, senón que é máis axeitada para un enfrontamento asimétrico -que non obedece xa ao esquema de bloques senón ao da fragmentación social- no que a dominación perdeu o seu centro ao metastasear todo o terreo social. As iniciativas de ataque aos mecanismos de reprodución social proveñen pois de pequenos grupos que, partindo dunha análise do contexto, desenvolven unha proxectualidade arraigada na natureza da conflitividade do devandito contexto, dirixida á creación das condicións mínimas para que un ataque contra unha estrutura específica do armazón do poder á beira de outrxs explotadxs. Dous elementos son de especial importancia na concepción deste método:

1) A temporalidade. Todas as enerxías canalízanse cara a un obxectivo preciso, co que se evita o desperdicio de enerxías das loitas de longa duración, a burocratización, a domesticación e en xeral a aparición da política co seu nutrido séquito de alienacións. A autoavaliación e a autocrítica son constantes e o espazo de loita desfáise cando o obxectivo se alcanza ou cando se decide cambiar de obxectivo polas razóns que sexan.

2) A reproductibilidade. Alimentada pola elección duns medios que poidan ser utilizados por todxs e afastados de toda espe-

cialización, favorecendo así a multiplicación das accións de ataque -e á vez unha toma de conciencia da necesidade dese ataque- e poñendo de manifesto a vulnerabilidade do poder.

Pero actualmente numerosas circunstancias están a cambiar ante os nosos narices facendo necesaria unha reflexión sobre algunhas concepcións metodolóxicas (e non soamente). A actual reestruturación económica está a facer aflorar tensións estruturais subterráneas, que van máis alá das meras turbulencias conxunturais.


Antigas cuestións periféricas espertan do soño da pacificación. Por tanto, ante estas novas tensións, cremos na necesidade de profundar nas formas de loita que posuímos facéndoas mirar cara novas formas de conflitividade que parecen empezar a xurdir. E cremos que a forma de facelo é desde as loitas inspiradas en proxectualidades propias. Numerosxs compañeirxs parecen tentadxs a intervir nas novas axitacións do noso tempo desde fóra; é difícil, en efecto, quedar na casa mirando pola xanela. Pero correr de conflito en conflito en competencia racketística con iluminadxs de toda pelaxe que ven nos devanditos conflitos -desde o movemento indignado ás revoltas das balineues- un papel en branco ao que dotar de contido escribindo nel a súa verdade, é unha perspectiva certamente pouco seductora.

Pola contra, seguir levando a iniciativa de loitas contra aspectos específicos do poder, non ten por que ser un método obsoleto para as novas circunstancias. As forzas centrípetas que actúan na actualidade non o fan nun sentido de volta a unha centralidade que atacar, senón máis ben nun sentido de coherencia na alienación. O centro está en todas partes. Alguén escribiu que non é posible xa a máis mínima e trivial reivindicación, como a dunha comida sen adulterar, sen poñer en cuestión a totalidade da infraestrutura produtiva, de distribución e de consumo, e as relacións de dominación, é dicir, as bases sobre as que descansa a sociedade.

Pero non é menos certo que algúns aspectos antes subxacentes –como directamente, a crítica da economía tal e como a coñecemos hoxe- están a aflorar á superficie, ou noutras palabras, parece volver a cuestión social. Por tanto ábrese a posibilidade de que as loitas específicas anarquistas poidan atoparse con novas hostilidades nun contexto de deterioración da pacificación. Esa é a cuestión clave. Pero o encontro non é unha captación de membros, xs anarquistas non temos nada que ofrecer, nin programas, nin paraísos, nin solucións para os problemas desta sociedade. Por tanto ese encontro pode darse só desde unha proxectualidade propia, só no ataque, na negación do poder en todas as súas formas. Pero para que poida producirse, talvéz sexa necesario buscar novos ángulos de ataque que atendan a aspectos que poidan favorecerlle. E talvez haxa que repensar algúns conceptos, como o da temporalidade explorando a posibilidade de crear espazos de loita máis estables (por máis que a palabra poida producir sarabullos a máis de algún/a compañeirx), nos que os grupos poidan actuar no seu seo movéndose en diferentes frentes, e que poidan acoller as distintas iniciativas de loita dos grupos, sempre desde a informalidade. Tal vez prepararse para as loitas máis intensas e de maior duración non teña por que significar caer nas garras da política e reproducir todo o que sempre quixeramos evitar. Tamén a cuestión da reproductibilidade adquire unha nova dimensión nun contexto de maior conflitividade xeralizada, por canto a contorna vólvese máis incontrolable, todos os dedos deixan de apuntar axs anarquistas, e os puntos neurálxicos da dominación fánse máis visibles como consecuencia dun cuestionamento xeralizado dalgún dos seus aspectos.

Non sabemos se nos atopamos ao final dun modelo (económico, político e social); non sabemos se esta é a crise definitiva do capitalismo, como aseguran moitxs; non sabemos se a democracia tal e como a concebimos actualmente mutará, como consecuencia da chamada “crise da representabilidade” e das novas tecnoloxías, cara novas formas de “participación política”; tampouco sabemos o que pode dar de sí unha humanidade sumida na desposesión total e privada de calquer imaxinario de liberación; pero sabemos que os nosos desexos de acabar con esta realidade permanecen inalterados.

Achega para o encontro anarquista internacional en Suíza, realizado entre o 10 e o 13 de novembro de 2012



Postindustrialismo, Estado e loitas de liberación nacional

O Estado moderno xurdiu das esixencias das burguesías locais, nunha raibosa loita entre elas, durante o período de acumulación orixinaria do capital, e do seu arraigo e desenvolvimento en territorios circunscriptos. Isto traduciuse en protección e garante do capital da competencia estranxeira, dos ataques das masas proletarizadas e da resistencia cultural e material dos pobos e etnias historicamente hostís á penetración e dominio capitalista-estatal. Etnocidio e xenocidio acompañan o Estado moderno dende as súas orixes ata os umbrais do terceiro milenio. Non é unha casualidade que o Estado se presente historicamente como inimigo, non soamente das masas proletarias, tamén das forzas sociais e políticas dos pobos oprimidos.

A aplicación das novas tecnoloxías nos procesos produtivos das mercadorías (e na sociedade tecnolóxica calquera cousa, material e espiritual, real ou ficticia é mercadoría), conxuntamente coa sabia utilización dos media na creación de realidades virtuais e na manipulación das conciencias, modificaron radicalmente o estado das cousas. A pulverización da industria no territorio require a máxima aceptación por parte de quen nel habita: un Estado non aceptado, a miúdo directamente enfrontado e atacado continuamente por parte da poboación, é un poder político incapaz de garantir a estabilidade e os intereses do capitalismo postindustrial. Por iso mesmo, en moitas situacións -vella Europa, América Latina, ex-imperio bolchevique, Oriente Medio e Extremo Oriente- asistimos non soamente ao nacimento de novos Estados, senón tamén á transformación de Estados ditatoriais en rexímes democráticos, e de gobernos tradicionalmente centralistas (como o italiano, o español, o francés, etc.) en rexímes democráticos en ampla descentralización administrativa con perspectivas reais cara novas formas de poder estatal federalista. Ao tempo, a mundialización do mercado permite e induce o desmantelamento da industria tradicional ubicada nas áreas aínda non pacificadas. O obxectivo é transformar estas, homologándoas nos mesmos procesos produtivos, en xigantescas realidades virtuais ecolóxico-turísticas e metas de masas de culturizados que, consumando ese virtualismo, levan a cabo un proceso de desculturización que o Estado e o capital industrial non conseguíran. O desmantelamento industrial en Asturias e en moitos lugares do País Vasco, o peche das minas na Sardeña, etc., ata a imposición de parques naturais e áreas protexidas, compréndense mellor se son avaliados dende esta perspectiva. Ao Estado-Capital actual interésalle a ganancia, non as tonterías ecoloxistas, que sabiamente usa para crear unha verdadeira industria capaz de transformar unha realidade virtual nunha ganancia real. Aclaranse así tamén aquelas posicións interclasistas propias da burguesía e do capital local das áreas xeohumanas culturalmente oprimidas. Non se pode xogar máis ao enredo da liberación nacional no inmediato e adiar a cuestión social para mañá.

A independencia estatal, na sociedade postindustrial, significa realizar inmediatamente os intereses do Estado-Capital das multinacionais; non se precisa moito para entender que a independencia real, a autodeterminación dos individuos e dos pobos non pode existir baixo o xugo material do capital autóctono continuamente confundido co capital estranxeiro. Hoxe máis que nunca a loita pola autodeterminación ten que ser tamén a loita contra o Capital e contra o Estado, e aínda máis contra o poder local que se vislumbra nas administracións periféricas e naquelas rexionais, con todos os aspectos da autoctonía. Esta

loita ten que exercerse con novas formas de organización, axeitadas ao ataque real contra a sociedade tecnolóxica, non estruturas político-militares verticais e interclasistas, porque continuarían a reproducir o martirio de individuos e a racionalización xerárquica e patriarcal do Estado-Capital. Non máis exércitos de liberación nacional que, co pretexto dunha autodeterminación futura, en realidade construén o Estado autóctono máis axeitado para a sociedade do dominio post-industrial, e resultan autores de novas vexacións e da homologación da mercadoría. Non máis loita unicamente contra o Estado historicamente opresor das específicas situacións xeohumanas, senón contra todos os Estados, porque representan un interese único e un inimigo que hai que golpear. Hoxe máis que onte, os exércitos revolucionarios non teñen ningunha razón de ser. O inimigo está desprazado no territorio e para golpealo alcanzan pequenos instrumentos, un pouco de vontade e moita creatividade.

Pero resulta evidente que golpear ao inimigo concebido nun só punto, soamente nun territorio, aínda que se pode danar dalgunha maneira, non o pon en situación de crise total. Para poñelo seriamente en discusión hai que concebilo na súa extensión real e ramificación, que vai máis alá dos confíns dos pobos e dos Estados, para realizar o asalto de forma sintonizada, cada quen cos seus propios instrumentos, métodos e sensibilidades.

Texto tirado do libro "O anarquismo na sociedade postindustrial" Constantino Cavalleri.

Estracto dun panfleto aínda non publicado, perto dalgunha fronteira que queremos tirar abaixo. Contra a cultura, contra a civilización.

"...E todo o que suceda, todo canto aconteza dende o teu nacemento, será máis importante ca ti mesmx: Deus, Estado, inclusive a mesma Anarquía, estarán por enriba de ti. Ti serás un/ha servente. Ante esta idea de submisión, eu digo que o máis importante na túa vida és ti mesmx: á merda a Familia, o Estado, o Partido... e á merda a Anarquía."

Un incendio deixa cinzas tras de si. Nós non queremos deixar nada. Non botamos en falta a simbólica da destrución, queremos a nada. Un abismo. O baleiro absoluto. Desartellar cada poro da pel que envolve o substrato do noso pensamento dominador. O ideario da posesión subxace tras a aparencia dunha 'normalidade' persistente. O noso inconsciente envelenado, terra morta, abonada cos paradigmas civilizados. Non queremos crear, non queremos seguir reproducindo ningún paradoxo do civismo alienado e alienante desta non-vida. Non sobre este pavimento. Queremos voar ata as ruínas.Dignificar a macabra danza da vida e da morte; e morrer para deixar de camiñar desangrándonos os pés e as alegrías. Abrazar a nosa iconoclastia e incendiar todos os nosos cadros, as nosas obras burguesas, o mesto veo que cobre a nosa psique. A Cultura é tan só o ornamento que decora a nosa existencia. Non a necesitamos. Non lle debemos nada. É máis, para desenvolver a nosa individualidade, debemos desfacernos dela. Cando comezará o gran baile de máscaras? Cando estalará o horrendo escaparate? esa barreira de cristal que nos impide ser, que anula a nosa esencia? Cando nos coñeceremos de veras, á marxe das relacións espectaculares e mercantís? O teatro debe cesar. As nosas accións deben facer renxer o mundo. Unha loita a morte contra nós mesmxs está a chamar por nós. A guerra é clara. Comecemos xa.

Nihilistas



Fábula do Tio Manolo



O Tio Manolo era o irmao pequeno do avô. Como ele, nascera na aldeia vizinha, encostada na ladeira e um algo mais pobre do que a aldeia própria, que descansa no fundo do vale. Ainda nom sendo bem um homem, o Tio Manolo emigrou para a Argentina, de onde voltava de tanto em tanto para estar com a sua família.

Para o rapaz, a Argentina era umha sorte de país mítico, tal como umha Arcádia, um jardim das Hespérides ou umha Ilha de Sam Brandám. Entre a praia de Bronha e o Rio da Prata havia todo um inabarcável oceano, povoado por monstros desconhecidos que habitavam fundos abisais; um oceano surcado por barbados náufragos agarrados a estacas como quem se agarra ao derradeiro fio da vida, e atravessado por luídas garrafas de vidro branco que continham mensagens que a criança nunca iria ler, e que se lesse talvez nom poderia decifrar. Atravessar esse oceano mágico e insondável e chantar os pés em Buenos Aires custava na altura duascentas mil pesetas, talvez o duplo do salário de alvanel do pai da criança.

Cada vez que um aviom -qualquer aviom- surcava o céu do vale, o neno saudava as alturas, despedindo-se do Tio Manolo. E cada vez que o Tio Manolo voltava da Argentina, a família e as pessoas chegadas da aldeia despregavam toda umha mística aprendida e acumulada pola nossa gente em séculos de sucessivas experiências migratórias, dos moços de fretes da Lisboa do dezanove aos hotéis alpinos dos oitenta, passando pola sega de Castela ou pola zafra cubana: o Tio Manolo era o centro de todas as juntanças, igual que as caçoletas o som naqueles petróglifos formados por círculos sucessivos, porque o Tio Manolo tinha mundos e parafundos, vivera trepidantes aventuras na Boca, fora o rei da Chacarita em muitas noites de esmorga e convivera com o perigo sem se despentear na cidade de Lanús. O Tio Manolo: o emigrante, o aventureiro, o herói.

Porém, passárom-se os anos -nem tantos, mas passárom-se-, e a criança foi virando em adolescente, ao tempo que a Argentina virava noutra Argentina: Menem, a crise, de la Rúa, o corralito... O Tio Manolo, o Tio Segundo Manolo, voltou da Argentina para a aldeia encostada na ladeira, e a imagem por ele projetada nom escapou da onda de mudança que trazia o novo milénio. O avô queixava-se do irmao: foi para a Argentina, tivo umha loja, seica trabalhou em Mar del Plata, e quartos fijo... mas claro: venha putas, venha cubalivres... Muita soberba de dios, como ia voltar com nada para a casa? As idealizaçons fôrom erodindo, como os círculos concêntricos gravados nas pedras, e Manolo, o Tio Segundo Manolo, passou de viageiro de fortuna e mil singraduras a pobre diabo no que tardaram os calendários em mudar o 19 polo 20 para começar a nos referir o ano.

Passaram-se novamente os lustros -nem tantos, mas já se sabe- e a crise decidiu atravessar também aquele oceano povoado por mágicas quimeras. A emigraçom, que nom é novidade aqui, viu-se reforçada polo aparelho propagandístico e ideológico do Estado e do mercado: Erasmus na Lituánia, Galegos no mundo, Españoles por el mundo, cool, Barna, Camden, Berlin. O

secular drama que nos desangrou como povo no passado vem agora envolvido em papel de presente: do galego com sotaque riopratense à ostentaçom de advanced English de quem nom é quem de pronunciar as sete vogais da nossa língua; da tristeira fotografia de Manuel Ferrol ao selfie no Pier Head de Liverpool.

Agora somos gente de mundo: o capitalinho que pretendiam angariar os nossos passados é na atualidade também um capital simbólico, umha pretensom de reconhecimento social do cosmopolitanismo próprio que pode cristalizar num tweet em inglês de copia e cola ou numha foto de instagram do relógio astronómico de Praga publicada no facebook.

Enquanto o discurso hegemónico nos repete umha e outra vez, a modo de mantra, que emigramos para nos enriquecermos culturalmente, a verdade é que nos deslocamos do nosso ecossistema nativo para habitarmos nichos de trabalho e povoarmos espaços de vida mercantilizados: o frequente ao migrarmos nom é dar polas esquinas com os jacobitas escoceses ou com Baudelaire -nom sendo em modo de imagem enlatada para vendermos aparência- , mas com o Sainsbury´s, o Tesco ou o Intermarché, ou talvez com o Emmaüs como versom mais underground. Os tristes ares de exclusividade (massiva e popular exclusividade, valha a contradiçom) em que voltamos envolvidos ao regresso das nossas experiências migratórias, mal ocultam o que somos como classe social e como povo: umha coletividade de desterrados mais ou menos pola força e umha fonte de mao-de-obra barata. Isso sim, sustendo um copo do Starbucks no canto da bombilla de mate do Tio Manolo.

Rubén Melide




Non somos nada

Non somos nada, soamente carne, ósos e órganos vivos en celas de formigón con portas últimos modelos de peche a distancia para comodidade e gracia do carcereiro.

Non somos nada, soamente carne, ósos e órganos vivos que sofren, sinten e padecen entre catro paredes imposíbeis de furar, e padecemos en silencio.

Non somos nada, soamente carne, ósos e órganos que por impulso nos mantemos vivos sufrindo e padecendo en silencio todo o horror da sociedade cega, xorda e muda que non mira, non oe e non fala sobre uns seres que son soamente carne, ósos e órganos vivos e que mellor estamos aquí dentro.

Non somos nada, en celas individuais, non temos dereito a nada e mantéñennos vivos dándonos de xantar a bazofia suficiente para que non morramos hoxe, nin mañán, nin dentro dun ano.



Non somos nada pero para os que nos teñen aquí dentro somos ouro en bruto, ouro vivinte gardado en caixas fortes con xanelas, para que poidamos respirar o xusto e nada máis. Somos ouro pero non somos nada, non somos nada e case non existimos, pero somos ouro para o xuíz, o avogado, o fiscal e outros. Comen e comen, e viven como reis con todo luxo e pagan as súas dévedas sen retraso. Somos ouro bruto gardado con receo onde o voitre carroñeiro crava as súas gadoupas apoderándose de todo canto pode, e cravando as súas unllas en nós ata o último momento.

Non somos nada soamente órganos, ósos e carne en celas de aillamento onde o torturador carcereiro a base de golpes e con saña descarga as súas frustracións e fracaso nun intento fallido.

Non somos nada pero alimentamos médicos, psicólogos, enfermeiros que non fan nada, carcereiros, directores e aos seus cans, ministros, presidentes que canto máis ouro teñen, máis carne, ósos e órganos vivos meten nos seus cemiterios. O director ignóranos, róubanos, asegúrase de ter o seu ouro e desaparece, non hai quen o vexa e ata os seus traballadores o maldín... O médico xoga coas nosas carnes, os nosos ósos e os nosos órganos vivintes. Hoxe dache unha aspirina e mañá non quere nin verte. Ve que estás morrendo e que xa non és o ouro e facilítache o camiño cara a morte. O educador, a psicóloga e o asistente social xogan a un xogo, se tes os ollos azuis, adicanche un anaco, fanche mil preguntas que apuntan nun papel e aos que veñen detrás nin verdes, nin marróns, nin negros... eles xa gañaron o seu ouro cun xogo divertido e sinistro.

O carcereiro, ai o carcereiro!! el non ten ouro, non lle corresponde nin un centavo así que dálle o mesmo oito que oitocentos e nas súas frustracións nos provoca e pisotea os nosos dereitos e se dicimos “ai!” veñen catrocentos. Condúcennos pola senda da dor e o sofremento, golpéannos a carne e rompen os nosos ósos, firen os nosos órganos e déixannos medio mortos nestas caixas de seguridade onde non se escoitan os nosos lamentos. Todos comen de nós e mira que non somos nada!! soamente carne , ósos e órganos vivos que se seguimos vivos é por puro instinto, que día a día e ano tras ano pasando toda clase de vexacións, dor e sufrimento imos enchendo as arcas destes señores que non son máis que voitres , ienas, alimañas e ratas de sumidoiro que sen ningún escrúpulo nos rouban a liberdade, a vida e os nosos soños. Porque non somos nada, soamente órganos vivos, carne e ósos, soamente ouro puro en celas de aillamento, cárceres de exterminio.

Para todos aqueles que deixaron as súas vidas entre estes muros e para todos aqueles que día a día seguen alimentando co seu sofremento as súas ansias de liberdade.

Saúde e liberdade

Reinaldo Gómez Guijarro, “Jaro”
Cárcere de A Lama

O exemplo de aldeia galaica







Fala-se constantemente do caciquismo galego e dos seus votos. Não saíam estes da vontade dos povos. Entravam em pacotes no tabernáculo sufragista por mão dos caciques e de seus agentes, como acontecia em toda a Espanha rural. A mão do cacique introduzia e tirava sufrágios, que logo contabilizava cada reizinho a seu gosto, alternando-se os caciques no aproveitamento dos votos e trapaças. Mas a vida aldeã tinha outros lances em verdade memoráveis, como dous que ouvimos relatar a um bravo galaico de Lançós, aldeia agregada ao município de Vilalva, em terras de Lugo. Era por volta de 1915. Lançós tinha seu prado de aproveitamento comum. Não existia apropriação particular da terra. Tradicionalmente os aldeãos utilizavam o pasto para o gado, sem concorrência nem exclusivismo.

Ocorreuse-se-lhe a certo ricaço de marcar uma boa porção de prado. Os aldeãos viram que o ricaço punha balizas sobre a erva, e juntaram-se para comentar o caso com indignação, mas sem discursos. Nenhum daqueles aldeãos sabia qualquer cousa de socialismo nem de anarquismo. O ricaço –que de resto era taberneiro- tinha engolido a quarta parte do terreno comunal, demarcando com estacas, balizas e pauzinhos toscos uma superfície retangular.

Os aldeãos acordaram rapidamente ir ao prado, com as ferramentas de labor mais apropriadas para derrubar o valado, e derrubaram-no à meia noite. Após o grupo de expropriadores ter passado pelo prado, apareceu este sem valado nem cousa parecida. O ricaço aprendeu a lição e nem se arriscou a fazer qualquer denúncia, apesar de contar com o favor de autoridades e "tricórnios".

Quando um dos aldeãos foi inquirido por seu neto, ao vê-lo regressar a casa com a ferramenta no ombro a horas desusadas, pelo motivo desta novidade, respondeu o velho com a reservada picardia do Noroeste:

-Venho de matar toupeiras, rapaz.

Da mesma aldeia tinham emigrado muitos lavradores a Cuba. Mal chegarom a La Havana, funda-

ram "El Progreso de Lanzós", modesta sociedade sem estatutos, sem selo, sem local e sem Junta. Os associados -todos os imigrantes que procediam de Lançós- lembravam que na sua aldeia, de duzentos lares escassos, saíam os carneiros da escola cada manhã para entrarem as crianças na corte e passarem umas horas a rezar. Os aldeãos quotizavam em La Havana meio dólar por mes e posteriormente um dólar para construir uma escola en Lançós, organizando, além disso, festivais e tômbolas para reunirem o dinheiro necessário e comprarem materiais. Os aldeãos que não emigraram comprometeram-se a trabalhar na construção do prédio sem cobrar. O plano levou-se a bom termo, apesar de o caciquismo ter pretendido estorvá-lo, o qual fez chegar dous pares de "tricórnios" ao lugar de trabalho quando o prédio que se destinava a escola estava meio construído. Eis o diálogo do caso:

-Que fazem aqui?

-Uma casa.

-Para quem?

-Para todos.

-A quem pertence a casa?

-A todos

-Quem dirige a obra?

-Todos.

-Quem paga os salários?

-Ninguém.

-Quem os cobra?

-Ninguém.

-Não há um responsável?

-Todos somos responsáveis.


-Mas, trabalham sem cobrar?

-Trabalhamos.

-Quer burlar-se de nós?

-Digo o que é. Se disermos uma mentira nos burlaríamos de nós próprios, porque nada rebaixa tanto como a mentira.

-Nunca na minha vida vi trabalho sem salário.



-Também nas aldeias se observam cousas novas e se aprende.

-Que vai ser a casa?

-Uma escola

-Ja há escola em Lançós.

-Para os carneiros, para os rapazes não. Para um carneiro a corte é suficiente; para um rapaz, não.

-Por que não solicitam uma escola ao Estado?

-Porque o Estado já nos dá demasiadas cousas e não queremos incomodá-lo mais. Dá-nos força pública que não necessitamos. Veste-nos grátis de cores no quartel e mantém-nos ali. Não podemos pedir mais.

-E as estradas?

-As poucas que há, facemo-las nós com picão e pá. O Estado não faz nada...

Todo este diálogo desenvolveuse sem deixarem de trabalhar os aldeãos, e sem deixarem os "tricórnios" de surpreeder-se com cada palavra. Mas aumentou o assombro dos "tricórnios" e até mudarom de cor quando todos os vizinhos úteis de Lançós, mulheres e homens, grandes e pequenos, acudirom a passo lento com forcados, enxadas e garrotes, tão imponentes estes como um ás de paus engrandecido. A notícia do incidente tinha-se propagado com rapidez. A hoste aldeã avançava com a lentidão dos que sabem que vão chegar a tempo e não desejam precipitar os acontecimentos. Aliás, o galego conhece por instinto o Código. Conhece-o como conhece as poças da corredoira ou do caminho vizinhal: para evitá-las ou saltar por cima. Os quatro "tricórnios" agruparom-se á defensiva, de costas para a parede.

-Vem ajudarnos no trabalho. -disse o pedreiro-

-Com garrotes?. -perguntou o "tricórnio chefe com grande desconfiança-

-O garrote é instrumento forte. Pode servir de alavanca. Há pedras muito pesadas. Experimente...

Em verdade era uma boa brincadeira convidar um "cabo de tricórnios" a baixar o lombo. Os aldeãos estavam a chegar quando o "tricórnio chefe" lhes perguntou, a uns vinte metros de distância:

-A que vêm?

-A trabalhar. -disse o pedreiro, sem deixar o trabalho-

-Deixe-os responder! -proferiu o cabo- .

Este perguntou ao pedreiro, a procurar uma vítima:

-Ao que parece você é o que manda aqui...

-Aqui não há mando -respondeu o pedreiro- . Toda a gente vem trabalhar, e a que se lhe permita trabalhar em paz.

O "tricórnio chefe" estava pálido. Num arrebato de retrocesso completamente compreemsível, tentou tirar achas do lume:

-Aqui não se deve discutir a questão...

-Eu já calado estava -sentenciou o pedreiro- .

Como o coro se impacientava a até uma labrega louçã brandia o ás de paus, gritou o cabo:

-Ao quartel! E você pedreiro, venha amanhã ao quartel.

-Não vou ter tempo.

-Venha hoje à noite.

-Vou estar cansado.

-Basta! berrou o "tricórnio chefe".

-Se eu for, todos irão.

-Todos! -gritou o coro- .

A esquadra de tricórnios foi-se embora a rápidos passos, esmagada pela inteireza dos aldeãos, que despedirom os servidores do cacique com uma tempestade de assobíos. Note-se a agudeza mental do pedreiro, em contraste com as palavras do Guarda Civil. É difícil "apanhar" um galaico com perguntas, porque pergunta por sua vez tudo o que se lhe ocorre. O pedreiro não foi ao quartel, e a construção do prédio foi levada a bom termo. Os aldeãos instalarom um relógio espléndido de torre no alto da fachada, e na parte mais visível fizerom gravar esta frase, em verdade lapidaria: "Não é propriedade do Estado".

Aqui tendes um caso congruente, como milhões de casos que poderiam ser alegados, que demonstra que as ideias univer-

salistas praticadas sem arengas no campo, não tiverom eco fora das pequenas vilas porque estes forom desconhecidos ou desprezados. A propaganda social pelo geral foi ás vilas dar lições em lugar de estudar com afecto esses pequenos lances que, coordenados e vitalizados em lugar de serem ignorados, teriam logrado fazer dos núcleos refractários à autoridade e ao monopólio, ivencíveis diques contra a injustiça, aptos para destruí-la antes de se centralizar esta em frentes adversas e antes de estas frentes adversas se terem saturado de força de ataque através de outras lutas.

Este texto foi tirado do capítulo XVI: "Las ideas universales en el pensamiento español", do libro de Felipe Alaiz: "Hacia una federación de autonomías ibéricas", editada pela Federaçao Anarquista Ibérica em Rennes em 1948. A presente tradução é de Adrián Barros.



A Xosé Tarrío


Ola Xosé, como estás? Entre dous ateos convencidos coma nós a resposta non debería de ser moi complicada: simplemente non estás. Xa non estás. E ademais fai moito tempo que nos deixaches para emprender a túa derradeira viaxe dende a cama daquel fodido hospital. 10 anos van… Dise pronto.

Fai moito que quería escribirche isto. Non obstante pasou todo este tempo, unha década enteira, e non atopei o momento… ou as ganas, ou a motivación, ou eu que carallo sei. O caso é que sentía a necesidade de adicarche estas liñas. E iso por que? Pois por varios motivos. Por unha parte sinto que hai un gran descoñecemento xeral de todo o relativo aos teus últimos anos de vida. Sábense os feitos concretos, as datas, a túa recaída no tortuoso mundo das drogas (as putas drogas! Logo falaremos sobre iso), pero é coma se todo isto flotase nunha nebulosa gris e opaca que impide que os escasos datos que dela transcenderon alcancen a cobrar un sentido. E é que non se saben os "por ques". Isto é así porque non interesou, non nos interesou, pois evidenciaba as nosas miserias, o noso fracaso e o de todo o movemento libertario… no suposto caso de que exista algo parecido a un "movemento libertario", "meneíllo" en todo caso, como dicían uns amigos de Santiago que ámbolos dous coñecimos.

A outra razón pola que necesitaba sacar todo isto para fóra, a máis importante quizais, é porque sinto que teño unha débeda contigo. Ou unha responsabilidade, non sei, pero é coma se fose unha espiña cravada que non acabas de quitar. Primeiro escocía de forma constante, sempre estaba presente, dun xeito ou doutro, en forma de dor xorda, de molestia incesante, non moi intensa pero continua e exasperante. Pero co paso do tempo foi aos poucos transformándose ata converterse nunha picada aguda que un sente só de cando en vez. Parece ter desaparecido de todo, pero de súpeto salta de novo, sobresaltándote como unha cambra, activada por algún escuro resorte do subconsciente. É coma se esa espiña xa non doese… ata que a tocas.

Ben, ó caso, nós daquela eramos uns chavaliños. Sabiamos quen eras ti, un anarquista de Coruña, a nosa cidade, preso no cárcere de Teixeiro, pois leramos o teu libro. Ademais coñeciamos á túa nai, de vela nas manis xunto a Pepita, naquela entrañable asociación "Nais en loita". Nós, dende o Colectivo Libertario Oveja Negra, sempre pensaramos en escribirche. De feito chegamos a redactar unha carta, lémbrome porque me tocou a min elaborala, pero nunca chegamos a botala ao correo, quedou no basto e repleto caixón das cousas por facer. Tamén participamos, na medida das nosas limitadas posibilidades e as nosas volubles constancias xuvenís, na campaña pola túa excarceración: nas manis ao talego e a distribución de propaganda, escribindo sobre o caso no noso modesto boletín, facendo algunha que outra pintada… nada doutro mundo, a verdade, pero iso era o que adoitabamos facer.

Logo soltáronte, por fin. Ao parecer unha xuíza (agora moi de moda na política "indignada") leu o teu libro e, emocionada pola túa conmovedora vivencia, moveu os fíos ocultos que conduciron á túa liberación. Todo un exemplo de democracia! Que che vou contar! Segues as canles e camiños institucionais e para o sistema coma quen oe chover, pero cando a un peixe gordo se lle ocorre que hai que sacar a alguén do caldeiro, aínda que non teña nada que ver co caso, só ten que facer unhas chamadas para dar carpetazo ao asunto. Curioso este invento seu ao que chaman xustiza, que ata cando fai o



que é xusto evidencia o arbitrario e clasista da súa intrínseca inxustiza. Paradoxos da vida.

O caso é que estabas fóra, e xa era hora, máis de quince anos encerrado... e entraras por roubar un coche! Recordo a primeira vez que te vimos, non había moito que saíras, e entraches no noso local durante unha charla de Brotóns, un ex-preso do GRAPO. Creo que a ti gustouche que nós te tratásemos como a un máis, ou iso dixeches máis tarde nalgunha ocasión. Que non che dourásemos a pílula nin te reverenciásemos como a unha estrela faranduleira do anarquismo. Recordo unha vez en que dous anarquistas, xa non sei se madrileños ou valencianos, conversaban ao teu carón ignorándote con supino desprezo. Esas inconfundibles pintas talegueiras que marcan de forma perpetua e indeleble aos que viviron no teu mundo durante moitos anos non axudaban á túa integración naquel ambiente libertario. Non obstante, en canto oíron o teu nome a cousa cambiou de golpe: a indiferenza groseira, case hostil, transmutouse máxicamente na máis devota das atencións: Que se Tarrío por aquí, que se Tarrío por alá; cóntanos isto, cóntanos o outro. Oh! Tarrío, o noso heroe e redentor. Daquela, a idolatría do preso, así como de todo o seu fantástico mundo de fábula e fantasía, causaban sensación nos nosos doutos ambientes contestatarios. E ti eras a estrela. Ben, iso, que creo que a ti te gustou que nós sempre te tratásemos como a un máis, que non estivésemos todo o tempo ríndoche as grazas, nin reverenciando as túas palabras e que che dixésemos que "non" cando dicías paridas. Cousa que, por outra parte, sucedía con certa frecuencia, polo feito de que acababas de pasar máis de quince anos no caldeiro sen máis contacto coa realidade da loita anarquista que a que tiñas a través dos libros e dos carteos e visitas que che facían xs compañeirxs de todo o estado (e ata do estranxeiro). Polo que, naturalmente, a túa visión da realidade neste aspecto estaba moi pero que moi distorsionada.

Chegados a este punto imponse unha reflexión extra, pero moi necesaria: canto dano fixeron todas esas "mentirijillas" coas que os anarquistas nos empeñamos en edulcorar a triste realidade da rúa aos compañeirxs presxs! Especialmente a aqueles compañeirxs presxs que se fixeran anarquistas no cárcere, polo que a súa visión do mundo libertario se atopaba contaminada con fábulas e fantasías acerca do ano 36, a banda Bonnot e as explosións de Ravachol marcándolle o ritmo ao himno de "A las barricadas". Moitos presxs refractarios ao sistema penitenciario, necesitados de aferrarse a algo que lles insuflase ánimos e esperanzas, aínda que fose a un cravo ardendo, tragaron enteiras todas esas esaxeracións e medias verdades. Créronse apoiados por un movemento inexistente ou, no mellor dos casos, moi pero que moi diferente ao que lles pintaran. Baixo o pretexto de animalos e non os desilusionar negóuselles a capacidade de avaliar con precisión a loita na rúa. Así, en moitos casos se lanzaron a opcións kamikazes, esperando un respaldo fóra que materialmente non podían obter, ou sufriron amargos desenganos cando finalmente saíron do talego para unirse a un movemento que apenas era capaz de moverse (e se o facía non era cara adiante precisamente). Desenganos que distan moito de ser o que necesita un preso para resituarse nesta noxenta sociedade. Así andaba o patio anticarcerario por aqueles tempos; non estou moi seguro de que a cousa mellorase moito últimamente. Espero que sí. Por se acaso, aí quedan as anteriores reflexións.

Pero se a cousa vai de decepcións, eu diría que no que a ti respecta, a peor foi a que sufriches a nivel amoroso. A rapaza coa que mantiveras relacións na túa última etapa de talego, unha presa do Exército Guerrilleiro do Pobo Galego Ceibe, pasou de ti para irse con outro. Nada que non lle pase a todo o mundo, a verdade, pero no teu caso, xusto á saída de prisión, coa afectividade rota por 17 anos de encerro e en conxunción con outros dolorosos desenganos, tivo efectos demoledores. É curioso observar, agora a "toro pasado", como o feito de consolidar relacións amorosas estables na xente que cumpriu longas condenas de talego, marcou moitas veces a diferenza entre readaptarse ou non á realidade post-carceraria.

Pero volvamos a onde iamos, que xa me perdo eu de novo polos cerros de Úbeda. Durante un tempo estiveches connosco, contribuíndo como un máis aos quefaceres do noso modesto colectivo: que se

pegar carteis, que se facer pintadas, que se organizar os comedores (recordo que, como non se che daba demasiado ben iso de cociñar, comprabas tortillas para aportar dalgun xeito naqueles eventos...). Pero creo que rapidamente sentícheste desenganado: Por unha parte nós eramos bastante máis novos ca ti, e queiras que non iso se notaba. Creo que á maioría dos teus amigos de antes (como a case toda a túa xeración) os consumira a droga, ou o cárcere, ou, simplemente, refixeran as súas vidas de tal xeito que pouco querían saber do seu pasado. Por outro lado ti imaxinabas un movemento forte, combativo, de férreos e abnegados militantes durmindo nas rotativas dos xornais clandestinos; mentres que nós eramos unha cuadrilla de punkis acelerados, con sinceiras ansias de cambiar as cousas, pero que compaxinabamos con hedonistas e autodestrutivas tendencias calimocheras. A nós, o mesmo que a ti no seu momento, o noso natural curioso e aventureiro levábanos a transitar polos escorregadizos e psicotrópicos camiños da droga. Tonteabamos con todo, gozabamos do risco e camiñabamos no fío... e máis dun caeu. Que che vou contar! Non obstante a ti, que deixaras todo ese mundo atrás grazas á túa férrea vontade libertaria, aquilo non fixo senón decepcionarte aínda máis cunha realidade que parecía rirse cínicamente dos teus anseios e fantasías de presidio. Non é que nós fósemos algo distinto ao que se estilaba por aqueles tempos nos ambientes xuvenís anarquistas, que va!. Os porros, o speed, os tripis ou a cocaína corrían alegremente nun mundo tan libre e libertario que a máis dun deixou atrapado para sempre. Cando fuches a percorrer o resto do estado español e as súas trastendas anarquistas decatácheste de que “en todas partes cocían habas”; que nós, ao fin e ao cabo, mesmo eramos dos máis comprometidos e combativos.


Ti naqueles tempos non consumías drogas, e mirábasnos severamente cando o faciamos nós, con ollos preñados de reproche. Máis adiante recordo como nos sorprendías con enormes bolsas de cocaína que ti nin sequera probabas, pero da que nos invitabas ao resto con esa xenerosidade que sempre te caracterizou. Aquelas bolsas, segundo se comentaba, eran obsequios cos que alguén compensaba vellos favores carcerarios. Anos máis tarde díxose que aqueles regalos envelenados formaron parte dunha escura manobra policial urdida para destruírte. Eu non podo afirmar tal cousa, pois carezo de probas sólidas que o avalen. Aínda que é de xustiza recoñecer que tampouco podería desmentilo.

Tamén regaláronche un coche, que conducías sen carné, evidentemente; para alguén como ti, afeito dende neno ás persecucións a gran velocidade escapando da policía, non facía ningunha falta. Nunha ocasión metícheste con aquel vello veículo no aparcadoiro da estación de tren; cando quixeches saír pechouse o valo mecánico á espera do tícket. Ti non soubeches que facer, vese que dezasete anos antes non pasaban esas cousas, así que frunciches o ceño, písaches o acelerador e saíches de alí levándote aquel maldito obstáculo por diante ante os atónitos ollos da concorrencia. Ti eras así.

Aí estaban as pequenas cousas que evidencian a desubicación resultante de tantos anos de talego. Recordo como alucinabas cos lectores dos códigos de barras nos supermercados, ou cos teléfonos móbiles. Anécdotas nimias e sen importancia que denotan o sutil desarraigamento de tantos anos fóra da circulación. Unha segunda fase do covarde castigo que supón o encerro. Polas noites eras incapaz de durmir e camiñabas quilómetros e quilómetros ata que che sangraban os pés, no sentido máis literal da expresión.

Sufrías ante a inxustiza, outra das constantes do teu carácter. Ás veces, cando vías unha prostituta exercendo o seu penoso oficio na esquina de calquera rúa dábaslle un billete de cincuenta euros. Así, sen máis, esperando que polo menos aquela noite non seguise alí pola cruel necesidade. Elas quedaban “flipando por colores” antes de, probablemente, volver alegremente co seu. Sempre fuches moi xeneroso, e demostrábalo infinidade de veces.

Non sei en que momento exacto volviches roubar, pero si sei que, polo menos nun principio, o fixeches por causas solidarias. Achegaches gran cantidade de diñeiro as arcas de apoio a algúns anarquistas procesados daquela época. Logo, cando te volviches enganchar á droga, retomarías o roubo como forma de vida. Recordo que unha vez chamáchesme para pedirme que che conseguise un traballo. Eu a duras penas conseguíaos para min, e iso de cando en



vez e a salto de mata, así que non te servín de moito. Igual tampouco souben valorar a urxencia dun berro de axuda. Eu creo que aquilo debeu de cadrar máis ou menos polo Rubicón do teu novo descenso aos infernos.

Outro momento que marcou a ferro o camiño da túa desilusión foi o "suicidio" de Paco Ortiz, compañeiro de loitas carcerarias que preferiu quitarse a vida antes que continuar padecendo as inhumanas condicións de castigo que revestía o seu encerro. Ortiz, indómito e libertario, consignou nunha emotiva carta de despedida as razóns da súa morte, entre a protesta e o desespero. Recordo como a liches emocionado na que creo foi a última charla túa que eu presenciei. Diría que aquilo marcoute con especial saña: ademais do desarraigamento co que a liberdade parecía rirse de ti, os teus colegas de encerro, veteranos de mil loitas imposibles contra a autoridade, sucumbían esmagados baixo o peso do cárcere e o castigo. E o máis desgarrador de todo é que facíano conscientemente e pola súa propia man.

Non sabería precisar exactamente cando te volviches enganchar ás drogas. Entre outras cousas porque á medida que o facías fúcheste afastando de nós. Non sei ben se che daba vergoña ou se foi para protexernos. Máis tarde, cando te colleron, sei que asinaches a declaración só cando te ameazaron con ir a por nós. O caso é que segundo te escorrías polo tortuoso sumidoiro da droga nós fomos perdendo contacto contigo. Aínda te viamos de cando en vez, pero os encontros eran máis esporádicos e fugaces. Mesmo unha vez viñeches ata o local só para que escondésemos rapidamente algo, mentres ti marchabas coma se alí non houbera pasado nada. Xa volveras de cheo á dura vida da rúa; entre coitelos, roubos e carreiras coas que alimentar o insaciable apetito da síndrome de abstinencia. Acelerados subidóns de cocaína co seu necesario contrapunto de heroína. Cantas vidas se consumiron como mistos esvarando polo fío desa coitela! Pero non obstante para ti era algo coñecido ao que agarrarse, o teu vello mundo no que, paradoxalmente, sentíaste seguro.

Finalmente agarráronte, non quedaba outra. Colgáronche tres atracos en tendas dos que creo que só cometeras un. Máis tarde, cando te visitamos no cárcere, diríasnos que alí coñeceras ó que cometeu os outros dous; a el, a cambio, encalomaranlle outros atracos teus, para compensar a xogada. A xustiza é así de "garantista", garante que vaias ao cárcere con probas ou sen elas.

Tíñanche ganas aqueles fillos de puta. Durante o interrogatorio lanzáronte a través dun cristal e tivéronche que dar xa nin me acordo cantos puntos nun brazo. Ti aínda así non lles dixeches nada... ata que te ameazaron con foder ós "chavales". Aí sí que asinaches. E outra vez para Teixeiro.

Non sei ben como che iría no cárcere. A nós, cando te visitabamos, sempre nos dicías que ben; aínda que sei que alguén coma ti non sería capaz de dicir outra cousa, estiveses como estiveses. Explica un pouco o teu carácter o feito de que nos pediras que visitásemos a outros presxs que ti considerabas que o necesitaban máis. Explica un pouco o noso o feito de que nunca o fixésemos (aínda que Javi polo menos escribiulle a un deles: ese Javi, como se volcou co teu caso!).

Non levabas un ano no cárcere cando empezou o teu calvario. Encontrábaste mal e diagnosticáronche un catarro; aínda que Pastora se dera conta de que te custaba mover un brazo e de que tiñas a cara algo torcida, coma se tiveses a metade do corpo medio paralizado. Finalmente ingresáronte no hospital, trasladándote a Coruña, pero como non tiñas o número de teléfono da túa nai e non podías avisala, pediches a alta voluntaria. Ao pouco volviches ao hospital, pois a túa situación agravábase: microinfartos chamárono. Segundo os médicos produto do consumo de cocaína, segundo outras versións podería estar relacionado cun golpe na cabeza que os carcereiros do Dueso che propinaron cunha barra de ferro a principios dos noventa. O caso é que remataches medio paralizado e alxemado a unha cama do hospital Juan Canalejo.

Aí empezou tamén o calvario para a túa nai. Aquel policía fillo de puta empeñábase en negarlle a entrada cada vez que tiña a oportunidade, en cacheala humillantemente, en ameazala a ela e a ti, en mostrarse prepotente e chulo con calquera que te visitase. Utilizou todo o que estaba ao alcance da súa man para facerche a vida imposible. Ata ameazou con matarte diante de Pastora. Volviches pedir a alta voluntaria para aforrarlle á túa nai tanto sufrimento. Pero o teu estado, cada día máis irreversible, fixo que te volvesen ingresar. Finalmente déronche a alta para soltarte unha semana máis tarde, xa medio incapacitado.

Pouco tempo gozaches desta efímera liberdade, pois non pasou moito antes de que o agravamento das túas circunstancias te levase de novo a verte prostrado nunha cama de hospital. Agora xa, ademais das secuelas físicas da túa doenza, sumáronselle as psíquicas, pois che custaba falar e facíase máis que evidente que xa non eras o de antes. A dexeneración da túa situación levoute ó coma e finalmente á morte.

Recordo unha ocasión en que te visitei pouco antes de que nos deixaras para sempre, tombado inerte sobre a cama do hospital, aparentemente desconectado da consciencia e só unido a este mundo a través de tubos, cables, sueros e máquinas. Impactoume o teu peito espido, revelando infinidade de cortes e cicatrices, autolesións produto das túas loitas anticarcerarias. Véndote en tan lamentable estado díxenche que quizais chegara a hora de deixar de loitar, que sempre pelexaras incansablemente ata o final, pero que agora tocaba deixarse levar. Pouco tempo máis tarde, a comezos do 2005, deixabas definitivamente este mundo e todas as súas miserias. Aquí quedamos o resto, condenados a continuar soportando como boamente sabemos este agridoce calidoscopio de risas e prantos. Sempre me quedou a dúbida de se terías escoitado aquelas últimas palabras que che adiquei, a través do veo da túa aparente inconsciencia, e de como te terían sentado en caso de que así fose. Supoño que é unha dúbida que me terei que levar á tumba.

Esparcimos as túas cinzas nunha praia da Costa da Morte, debaixo de varias árbores que plantamos na túa honra. Ao parecer aquel sitio gustárache especialmente nos días que percorriades España ti, o Oskitar e o seu inseparable can Trasto... que por certo que fai tempo que foi a reunirse contigo alá por ningunha parte, onde vos fostes ti, Asca, Angela, Loló, Niti Xaquín e tantos outros máis nestes últimos anos. Foi bonito: comemos paella, recitamos poesía, cantámosche cancións, algúns emborrachámonos. De vez en cando aínda volvemos e facémosche a nosa pequena homenaxe. A verdade é que



é un sitio agradable, cheo de piñeiros duros e achaparrados, froito da súa constante pelexa co vento, se lles ve tan resistentes e obstinados que en certo xeito recórdanme a ti. Tamén destacan os seus ceos grises facendo o amor, alá polo horizonte, co escuro azul do mar galego; e os cogomelos, sobre todo o “cantarelus lutescens”, que alegran as comidas que gozamos na túa memoria; sería bonito aliñalas algún día co loureiro que creceu das túas cinzas.

E ata aquí chegamos. Dez anos esperando para dicirche todo isto e creo que a verdade é que, polo menos en extensión, fóiseme un pouco a man. Non hai moita novidade ao que xa se dixo, así que non sei se a alguén lle importará un carallo toda esta historia. A ti moito me temo que, a estas alturas, como que non moito. Pero a min, polo menos, sí que me serviu de algo. Así que aí queda.

Ti seguirás morto, e nós seguiremos resistindo. Pero polo menos conseguiches perdurar na memoria, e non só daqueles que te coñecimos directamente, senón tamén dos que souberon de ti polo teu libro. Ata moitos dos que te critican non poden negar que aquelas loitas dos tempos do APRE, digan o que digan das vosas estratexias, serviron para visibilizar as inxustizas do encerro. Conseguiron sacar para fóra a vosa dor e impregnar con ela a toda unha nova xeración de loitadores sociais... e parece que mesmo tamén ás seguintes. Así que dez anos despois da túa morte aínda segues vivo: nos nosos corazóns, nas nosas loitas e na memoria colectiva do combate contra o poder, a autoridade e os seus nauseabundos alicerces de castigo, encerro e inxustiza social.

Ata sempre Xosé!

Unha vella e negra ovella.




Revisando o concepto de Xustiza e a súa dualidade...



A xustiza nesta sociedade percíbese como unha institución inherentemente benevolente e que vela polos intereses e benestar de todas as persoas humanas[1]. Para reforzar esta idea, creáronse diversas figuras (dereitos, leis, regulamentos...) que dende o ámbito xurídico actúan xerando a ilusión de que os axentes correspondentes interveñen SEMPRE e sen excepción en pos da concordia e a convivencia, castigando a quen non cumpla as normas establecidas (que dende o poder estatal asócianse xeralmente a todo o "xusto" e "bo"), e de que toda inxustiza ou situación desigual resposta a un azar inevitábel e alleo ás decisións deses burócratas, e dos diferentes poderes aos que serven. Deste xeito, fálase de xustiza en abstracto, como un elemento que garante a nosa liberdade e nos protexe de calquer agresión que poidamos recibir. Este concepto de xustiza, ademáis, é parte da podre herdanza moral dunha antigüedade decadente, na medida na que se atopa baseado en conceptos inexistentes en tanto que verdades absolutas, tales como o "Ben" e o "Mal", ou mesmo a propia idea de "O Xusto", como algo separado do resto de conceptos, hermético e ríxido. Así, medramos asumindo que algo é xusto ou inxusto porque sí, porque nos dixeron que así debe ser, como se algunha entidade superior (sexa Deus, sexa o Estado, tanto ten) o tivera decidido en base á súa propia conveniencia e aos seus propios valores, e nós non fósemos quen de cuestionar nada, en lugar de basear o noso criterio sobre aquelo que é acetábel ou reprobabél nun razonamento lóxico, realista e completo, permitíndonos dese xeito contemplar todo o escenario de cada situación e entender mellor por qué se produce, e que solucións podemos darlle.

Podemos dicir que a Xustiza existe como institución e presunto sostén e garante desta pseudoliberdade que nos ofrecen a cambio da nosa sumisión, suposto "bo comportamento" e obediencia. Con todo, non ten nada que ver coa definición idealista de "xustiza" que se nos inculca dende que nacemos. Pola contra, representa un concepto baleiro e reseco cuxa inxerencia varía dependendo de factores como o teu status socioeconómico. Por exemplo, no Estado español hai persoas que non fixeron nada, podrecendo en celdas de isolamento, torturadas e silenciadas, por ser víctimas de montaxes[2] e estratexias xudiciais corruptas motivadas polos sobornos e chantaxes de quen ten o peto cheo, persoas que nunca pisarán o cárcere, que "acatan a xustiza e a lei" e que teñen unha imaxe respetábel e de triunfadores perante a sociedade, aínda que rouben millóns a toda a poboación e promovan e leven a cabo operacións militares xenocidas contra os países que se rebelan contra o modelo globalizador occidental, matando a milleiros de persoas en Siria, Afganistán ou nos territorios kurdos mentras xustifican as súas matanzas e o seu expolio imperialista e ilegal (segundo a súa propia lei) con mentiras nos falsimedios da prensa corporativa e comercial.



A xustiza non existe máis alá disto, e menos mal, penso eu, pois como xa dixen antes, creo que alén dos acordos que un grupo de individuxs tomen para decidir as condicións da súa existencia e consensuar as relacións que desexan entablar entre elxs para facilitar as tarefas e desenvolvementos diarios dentro dunha comunidade ou entorno compartido, non debería existir ningunha autoridade moral que nos diga que está ben e que está mal, que podemos facer e que non, ou que poña límites aos nosos desexos. A xustiza como algo absoluto simplemente é unha universal e inmensa mentira, aínda que TODXS, eu incluído, apelemos a ela, a miúdo de xeito inconsciente, cando dicimos que unha situación é inxusta, sen pararnos, ás veces, a pensar en que implicacións ten esa sentencia, de onde parte, que é a Xustiza e por que esa situación non nos parece xusta. O condicionamento mutila a nosa capacidade de análise e somete a nosa opinión ao dominio das razóns impostas socialmente polo Estado ou o Mercado. Calquer xesto desobediente, calquer intento de procurar outras visións deses feitos, é automáticamente demonizado, segregado e castigado, xa sexa con horribles cárceres que destrúen e deshumanizan, ou con cívicos golpes de tolerancia e represión plausible.

A Xustiza, polo tanto, é un valor que penso que debemos cuestionar e, seguramente, deixar atrás, e non me refiro aquí a que debamos esquecer calquer noción de xustiza e comezar a comportarnos como seres embrutecidos (que por outro lado, nos guste ou non, é aquilo no que esta sociedade enferma e desestructurada pretendeu transformarnos), ignorando axs demáis á hora de satisfacermos os nosos apetitos ou os nosos desexos, e facendo o que nos da a gana, sen contar con outrxs. Rachar coa idea de Xustiza non significa validar moitos dos comportamentos considerados "inxustos" en tanto que egoístas e autoritarios, de abuso ou opresión, e que realmente atentan contra a liberdade, o benestar ou a integridade doutras persoas. Pola contra, supón liberarnos por fin das alxemas da Moral e as súas miserias, e a ser por fin libres de actuar e de ser como queiramos, sen por iso esquecernos de que máis alá da dicotomía "Xusto vs Inxusto", hai outrxs individuxs que merecen a mesma consideración que todxs agardamos recibir do resto, e que o relativismo moral non xustifica nin lexitima[3] os actos que atenten contra dita consideración.

Comencemos a ceivarnos do dominio tamén na nosa maneira de concebir e interpretar a realidade, e abandonemos os posicionamentos e retóricas que nos convirten en xuíces e fiscais. Actuemos en base aos nosos propios criterios e desexos, e ataquemos tamén aquelo que nos fai verdugxs, e non só o que nos convirte en presxs.

Disnomia

Notas:

1. Persoas humanas pode soar redundante, pero cando falo de persoas humanas é por unha razón. Se atendemos a unha definición da palabra "Persoa", atopamos que a definición clásica de Boecio en latín indica "Rationalis naturae individua substantia" (substancia individual de natureza racional), é dicir, todx individux de natureza racional capaz de subsistir por sí mesmo. Se acudimos a linguaxe cotiá, vemos que "Persoa" fai referencia a un ser con poder de raciocinio -non se especifica o grao, complexidade ou forma do mesmo- que posúe conciencia de sí mesmo e que conta cos seus propios rasgos de personalidade". Neste sentido, creo que boa parte dxs animais non-humanxs son persoas, e por iso aclaro que falo de persoas humanas. Penso que este é tamén un bo paso para aumentar a empatía cara xs outrxs animais, empezando polo xeito no que conceptualizamos a cada individux non humanx.

2. Cando falo de "montaxes e estratexias xudiciais corruptas", non o fago acreditando noutras formas de xulgar os actos dunha persoa nun tribunal, nin tampouco porque acredite na lóxica de inocencia e culpabilidade que sustenta a retórica e o imaxinario represivo da sociedade e dos amos. Inocencia, culpabilidade... son termos que, igual que Xustiza, merecen unha profunda revisión e ser desartellados, pois falan unha linguaxe que non é a nosa, senón a dxs nosxs inimigxs. /nicamente, pretendo referirme a situación daquelas persoas que alén de considerarse ou ser "culpábeis" ou "inocentes", foron acusadas de cousas que non fixeron, mediante probas falsas, testemuñas manipuladas etc. Un bo exemplo é o caso dxs compas do Caso 4-F en Barcelona.

3. Aquí vemos como eu mesmo vexo dificultades a veces para atopar palabras que non reafirmen o que precisamente estou criticando neste texto. Termos como "lexitimar" ou "xustificar" fan referencia a este mesmo ámbito moralista que rexeito. Algo lexítimo é algo conforme ás leis, ou algo considerado "xusto" ou "lícito" dacordo a unha determinada moral, mentres que "xustificar" non ten por sí mesmo unhas acepcións problemáticas, pero sí unha raiz que parte do mesmo concepto que o de Xustiza. Xustificarnos? Fronte a quen? En base a que? Non creo que teñamos que buscarlle as voltas continuamente coas complicacións da nosa linguaxe e os significados chungos que unha palabra pode ter, pero sí penso que é importante revisar de vez en cando esta clase de cousas, para decatarnos de ata que punto o inimigo atópase inserto no noso subconsciente, e modifica e condiciona a nosa linguaxe e os nosos criterios.

Vazio

Tormenta e perspectiva instantânea desta.

Pensamentos dumha merda andante que leva dezassete anos morrendo.

É complicado escrever quando a auga está turva e em quada pausa há três tormentas. Como se expressam os sentimentos contraditórios? Como plasmas a tua realidade quando esta se devora a si mesma? Nom é nada mais que a tua realidade, única, incompreensível para xs demais.

A finalidade de escrever nestes casos nom existe. Só é um vaziar e vaziar-se num texto completamente incoerente.

Até que ponto chega a desconstruçom dumha pessoa? Quando te das conta de que até as palavras perdem o seu sentido. E estas estám cheias de valores nojentos ou se associam culturalmente a um significado que difere moito da sua natureza.

'Texto incoerente'? Sim? Incoerente à vista de quem? Porque para mim é coerente conhecendo o meu mundo, circunstâncias que vivem. Só eu poderia compreender o meu caos. Mas as vezes umhe quere entender o seu próprio caos e se acha com que o seu mundo interior choca contra el mesmo e contra o mundo exterior. Destruindo-se.

Há dias nos que vejo como pouco a pouco me rompo em pedacinhos e conmigo o que era a minha realidade.

Creio que nom sei absolutamente nada. Todo é umha mentira, a minha mentira. E à vez é a minha verdade. O que eu chamo, a mentira-verdade de quada umhe.

Umha das minhas mentiras-verdades de este instante é que observei que as minhas etapas de maior desequilíbrio, as etapas de maiores tormentas, caos, destruiçom, desconstruçom, ... som as etapas de maior crescimento pessoal.

Agora resulta-me complicado e duro falar, escrever, até pensar. Porque é contraditório. Verdades-mentiras, mentiras-verdades que levavam conmigo dende práticamente, ou algumhas moito menos, o meu nascimento, romperom-se em anaquinhos, e com elas o meu mundo.

Explotei em pedaços e de mim nom quedou NADA.

A vida agora mesmo para mim só é inestabilidade. Estou no ponto mais alto da árvore e na ponta das raízes.

Em contra de mim mesma, em contra do mundo. Intento volver a construir-me mas nom se assentou o pó da demoliçom.

Isto, que agora é, no seguinte instante deixa de ser. A minha perspectiva cambia, questiono e nom estou dacordo nem co que digo ou penso.

Nom estou segura de nada. Como dizem, estou no aire, voando. Sabendo que em qualquer momento começará a caída. E que voarei até o mais alto e cairei até o mais baixo. Volve o mesmo de sempre. Extremos e desequilíbrio.

E há dias nos que tudo é umha gram merda e dias que também. O que cambia é a maneira de enfrenta-lo.

O único que nom cambia é este desejo de liberdade. Querer ser dona do meu vôo. Nom o som e som consciente disso. E quada dia aumenta o ódio cara xs que me oprimem e me intentem governar. Cara o Estado, cara a autoridade, a lei, todo o sistema, o mundo e os humanos.

E a pessar de todo isto, a pessar do que poidades pensar, tudo isto é contradictório.

Nom me rindo. E a pessar de tudo, seguirei em loita até a morte.

O mais provável é que amanhá leia isto e questione tudo de novo.

O mais provável é que em dois dias já nom saiba porque escrevi tudo isto. E nom coincida com coisas que aqui digo ou coa maneira de dizi-lo. Mas já vos digo, nom sei nada.

Isto quedará aqui. Porque hoje penso assim e se amanhá nom o fago, significará que estarei um passo por diante de mim mesma. Ou... atrás?

Penso que as tormentas e o meu caos som parte da minha fortaleça.

Tudo isto nom tem sentido.

Nom espero que alguém leia isto. Espero que isto quede como constância de que caio umha e outra vez, de que tudo é umha contínua loita, de que nom creio em nada e perdi toda es-

perança. Assim que o único que quero é a destruiçom do mundo. Nom o verei caer, mas quero participar na sua destruiçom. E seguirei morrendo e loitando por voar livre.

Que deixo esta gram merda no meu blogue para que cheire e nom se olvide quando subem os fumes.

De aqui, até a caida-vôo final, a morte.

Epy: assassinx-de-palavras.blogspot.com.es

Cando o cárcere ruxe

Cando o cárcere ruxe aínda se deixa escoitar o silencio

Unha soidade demasiado ruidosa

Bandadas de paxaros mutilados loitan

Pero o vento non se axita

nin se escoita un suave aleteo

de nada que non sexa o recordo.

Algún día o reloxo era outra cousa

Tictac tictac

A esperanza

O amor

Tictac tictac

A Noite máxica

O momento presente

A frescura...

Foi xusto antes de morrer

que o souben

Vin claro que era unha contenda entre cadáveres

Eu xa fora abatido facía anos

Por vós, os xustos

Pero vós non soamente estábades mortos

senón que parecía que nunca vivísedes

e alí seguíades, agonizando

ao meu carón...

Santi





As U.T.E.*

*** Unidade terapéutica e educativa**

Perante a suscitada polémica sobre a función que cumpren as chamadas unidades terapéuticas penitenciarias e que dende fai xa máis de dous anos mantén nunha batalla aberta á dirección da prisión de Villabona, co recentemente dimitido director Esteban Suárez e o ex-carcereiro da prisión catalana La Modelo, Faustino García Zapico reconvertido a terapeuta e propulsor destas U.T.E. (Unidade Terapéutica Carceraria) gostaríame expresar como idea de base, a repugnancia que produce este tipo de batalliñas políticas de poder entre uns e outros, sabendo que ao final, para que enganarnos, ambos son o mesmo can con diferente colar e que ambos utilizan como moeda de cambio as vidas humanas e liberdades de quen soporta a barbarie represiva que baixo as súas custodias revestidas de legalidade se cerne.

É certo que a prisión, en toda a súa crueldade, non contribúe en nada ao máis que cuestionado labor rehabilitador do "condenado", máis ben diríamos que os cárceres representan e son en si mesmas auténticas fábricas de delincuencia e miseria. Así é todo, non estamos vetados a criticar esa outra alternativa "terapéutica" ao sistema carcerario, a pesar do apoio que ultimamente ditas U.T.E. veñen recibindo das novas xeracións quincemeras reconvertidas en partido político, e non somos poucas quen nos negamos a participar desta grande falacia condutista e despersonalizadora por sobradas razóns.

Sen ir moi lonxe entendemos que o preso non é un policía e non ten por que exercer como tal, denunciando ante os carcereiros-educadores condutas ou comportamentos anómalos ou incívicos dos seus propios compañeiros presos, como acontece nas U.T.E. Este tipo de conductas fomentadas e premiadas polo aparato terapéutico carcerario non son nin tan sequera un reflexo do que teoricamente debería ser un "bo e cívico cidadán" senón máis ben búscase fabricar confidentes policiais e chivatos da máis baixa condición. Se se fala de rehabilitar, habería que remarcar que é o propio sistema penitenciario quen tería, polo menos teoricamente, a responsabilidade de poñer os medios para desenvolver dita función (ata agora os únicos medios empregados foron os puramente represivos) e non limitarse a imputar dita responsabilidade ao preso mesmo, culpabilizándoo deste suposto "fracaso persoal" para, baixo esa premisa, reconducilo e manipulalo retorcidamente ata prácticamente convertilo en lixo. Máis doloroso é todo isto cando se desenvolve nesa fría e maquiavélica premeditación condutista, que sen dúvida continúa a ser unha forma máis de tortura, ao meu xuízo non menos terrible que os habituais métodos das malleiras ou torturas físicas nesta maquinaria trituradora de liberdades e identidades que é o sistema carcerario.

As U.T.E. non buscan rehabilitar nin outorgar a autonomía e o pensamento propio das persoas presas, o pinten e o enfeiten como queiran, o seu obxectivo é despersoalizar e anular ao preso para convertilo nun esperpento de si mesmo, á imaxe e semellanza do que realmente é o cárcere, unha esterqueira chea de mordazas e vendas, e unha ameaza real para todo aquel que moleste á clase dirixente, os seus business e o seu poder. Que o cárcere é terrible e que ten efectos devastadores nas persoas sobre todo en condenas largas, é unha realidade, e que se pode facer moito ao respecto para paliar eses efectos, tamén está claro, pero non por iso e aproveitando a coxuntura que esta problemática ofrece, estamos na obriga de tragar esta purrela disfrazada de labores sociais e humanitarias como son as U.T.ES.

Santi



Unha graxa na cidade

Tras da vella fiestra os ollos engurrados dunha muller gozan observando o amencer das brétemas sobre o río. Na calma adornada co piar dos paporrubios e merlos, a intuición veu borborillar unha certeza no ouvido. A Elvira escapoulle un salouco, quizais de sosego ou de pesar, ou ambos os sentimentos á vez, e fixo un trato con ela mesma. Descansou o corpo sen afastar a mirada das augas esforzándose en agasallar os seus últimos momentos coa compaña das mellores vivencias do pasado. Así para cando lle chegara o momento, ela ficaría cun sorriso.

No viaxar polo tempo volveu á Chantada natal para despedirse de novo da súa nai e da súa feminidade. Pouco antes de morrer, a enferma muller empregouna como "mozo das cortes" na casa duns fidalgos, e como mozo tiña que ser elixiu un nome para ser neno. Decantouse por chamarse Fiz porque alguén lle dixera que quería decir "feliz", e dende que perdera a melena, a nai e a súa identidade, o corazón estáballe moi lonxe de sentirse así.

Pouco lle durou a vida de "mozo das cortes". Ao cabo dun ano, farta dos fachendosos señores, dos maos tratos, de durmir no chan con frío e fame, e de limpar merda, Elvira armouse de valor, colleu os cartos que non tiña e fuxiu do pazo. Non sen antes saber a onde.

Unha das veces que os señores voltaran da vila de Ourense, escoitáraos falar con sorna dunha banda de orfos que alí vivía, coñecida coma "Os Graxos da Burga". Tiñan por toda ocupación roubar comida, roupa, alporizar os serenos, e perturbar a xente decente. Mentres escoitaba, a Fiz escapoulle un sorriso polo que levou unha labazada. Malia a dor do broucazo, Elvira sentiu algo novo; unha mistura entre ledicia, acougo e gratitude, e sen sabelo sentíu esperanza. Ese mesmo día fuxiu, non sen antes cobrarse o traballo de Fiz collendo a comida que lle había de servir para presentarse diante daqueles Graxos.

Demorou case dous días en chegar á Ponte Maior levantada sobre o Miño para dar entrada á vila de Ourense. Era unha mañá fresca dos primeiros días do outono e malia que a fría e densa néboa non a deixara ver máis aló das puntas dos seus pes, a Elvira sabía moi ben onde estaba. E por máis que no seu corpo pesasen os pasos da viaxe, o corazón latexaba unha grande dita.

Ben podía camiñar as rúas da vila na procura daqueles nenos, ou pedir indicacións a alguén; en tal caso mellor sería preguntar pola tal Burga, pois de seguro a xente da vila non lle tiña moita estima a aqueles Graxos. Dubidaba se a tal Burga sería un lugar ou se sequera existiría. No cavilar concluiu que mellor é preguntar polo que non existe, que por aquilo do que non se quere falar.

Na ponte debuxabánse siluetas de mulleres con cestos cargados á cabeza e ás

costas, e carros cheos de fardos cruzando cara Ourense. Achegouse a unha delas e preguntoulle pola Burga. A señora, encantada pola pregunta, adornou a resposta dándolle gracias ao Santo Cristo da catedral por ter xerado aquela marabilla, e despois deixou que o neno a acompañase ata a Praza do Ferro, para dende alí chegar até aquel lugar milagreiro.

Xa na praza, a vella deulle as últimas indicacións e Elvira continuou o camiñar por unha rúa esvaradiza. Pouco máis adiante chegou a unha pequena cárvaca atravesada no medio por un regacho ateigado de vexetación e lama, no decorrer da auga había fontes e lavadoiro, e un ir e vir de mulleres con cántaros de auga, roupas para lavar, polos mortos, cabezas de res... Tan perfectamente se axeitaban as mulleres co lugar, que mesmo semellaba que alí vivisen.

Canto máis observaba a escena máis estraña lle parecía, e cando reparou no fume que saía do regacho quedou perdidamente pasmada ante aquel manancial de auga que fervía. "Isto é un milagre". Achegouse a un lavadoiro onde meteu as mans e os pés, moídos coa camiñata. "Isto é un pracer", pensaba ela, pouco afeita aos praceres. Deixouse levar polo aloumiño da auga quente sobre a pel desfeita polas feridas das pedras do camiño cravadas nos pés descalzos, o corpo sente, o corpo ri, cada fibra catívase coa atmosfera do lugar, o descanso merecido, o soño que asoma... os pensamentos voan, os ollos desaparecen...

Un estrondo de voces, berros e risadas rescatou a Elvira do meigallo da Burga. Ao abrir os ollos viu un fato de nenos empoleirados no alto dun penedo guindando pedras ao lonxe. Sorprendida, achegouse onda eles para escoitar mellor o que dicían.

– Luz ao Casino! (*) - berraban os rapaces coma tolos mentres disparaban metralla con forza. - Luz ao Casino!, saíde dos vosos buratos ratas!

"Ratas!, Os nenos teñen combate coas ratas!". Pensou a Elvira con certo desprezo.

En todo o tempo que alí estiveron, os pequenos cazadores non deron respiro ás presas. A pesar da insistencia e a forza dos proxectís, a cacería semellaba non dar froitos, a xulgar pola crecente frustración dos nenos. A nena non perdía ripio, observaba atenta por se algún detalle revelaba que foran "graxos". Ao cabo de media hora os pícaros pararon o "xogo" e volveron á escola. Elvira, aliviada, confirmou que aqueles non eran.

Cando xa non quedaba un só neno, Fiz achegouse ao penedo de tiro e asomou a cabeza fóra da ceca de peche da cidade. A cárvaca e o riacho de auga quente remataban nun río que semellaba ser de augas frías. No medio da vexetación albiscou un vello gruñeiro, aos pés crecíalle un casopo acochado, por riba alzábase unha esmirriada columna de fume. Aquelo semellaba un acubillo e alí había xente facendo un lume para quentarse.

Pasara moitas horas sen atravesar dentada, espertara do soño da Burga cunha fame negra. Resolveu achegarse ao amparo do gruñeiro e compartir con quen alí estivera algo da comida e xa de paso preguntar polos "Graxos", porque de seguro que a xente que alí vivía non se había molestar por tal pregunta. Así como a Elvira nunca fora educada nas normas sociais e de convivencia, puxo demasiado ímpetu en abrir a destartalada porta e esta case acaba no chan. Dentro había uns cinco rapaces que reaccionaron primeiro cun susto e despois cunha rápida defensa botándose enriba de Fiz, que foi dar de fociños á terra.

– Mira ti este botaporela- dixo un mozo aplastando a cabeza de Fiz contra o chan.

– Non tés abondo con guindarnos pedras dende a Pena Vixía! Amáis vés atacarnos na nosa casa! - Dicía quen lle suxeitaba fortemente os brazos.

– Raposeiro! Que queres ti do noso Casino?!? Qué levas aí agochado, eh?

Inmobilizada e morta de medo, unha man suxa tapáballe a boca con tal forza que podía sentirlle o sabor salgado e a caspela, á vez que recibía aquela man cheirenta con agrado porque de seguro que ises eran os "Graxos"!.

– Parai!, Parai!. - berrou un deles con sorpresa.

– Que tés ti agora?

– E ló non vedes que vai descalzo?, este non ten un can! Miraille pós pés, peniña que

dan eses pés, e miraille pás unllas, e amáis non pesa máis ca un can famento...

– Probe de ti. - Faloulle o dono dos dedos desfeitos. - Has de estar cheíño de merda co susto que papaches, eh? .- Dito esto, a tensión esluíuse nunha forte gargallada.

En lugar de soltalo, entre todos puxeron a Fiz fóra da choupana, e mentres un armaba a porta no seu lugar, outro ensinoulle a Fiz a pedir albergue.

– Agora vas ver como s´han de facer as cousas no Casino.- Falaba cun sorriso desdentado, sincero e xentil. Proseguiu: - Imos voltar patrás, todos facemos conta que inda non tiraches a porta á terra, tamos?.

E Fiz asentiu.

– Entón dás tres golpiños na porta e esperas, tamos?.

Fiz volveu asentir.

– E cando eu t´abra.- Fixo unha breve pausa. - Ti dis: "Eiquí estou" (*). Tamos?.

Os mozos entraron e fecharon a porta tras de si. Elvira agarrou a comida coa esquerda e coa dereita Fiz chamou á porta, o Graxo abriu, o neno emocionada dixo "Eiquí estou".

– E moi benvido sexas!!!- Exclamaron dende dentro.

Ao mirarlle para o brazo esquerdo abríronselle os ollos que lles ían sair das cuncas.

– Mais ti és un santiño do ceo!. - proseguiu un deles.

– Non, eu son Fiz, son orfo, veño de Chantada, e traio esta comida para compartila con vós. Queredes, non si?.

Dispúñase a inaugurar a paparoca, pero un deles freouno.

-Agarda ti, lambón!. Aquí non se come ata que o Casino estea cheo, faltan catro que saíron a...

Antes que rematara de falar sentiron fóra o pitido dun vixiante seguido de berros ameazantes: "Heivos arrincar a carne dos ósos cando vos colla!" outra voz respondía á ameaza "De min non has cheirar máis que os aires do meu cu!".

– Ratos aos buratos!.(*) - Ordenouse dentro do Casino, e nun tris todos eles apiñocáronse fronte da porta de entrada á cidade, arrebolando pedras contra do vixiante que perseguía os seus compañeiros.

– Neno, móvete para aquí!.- Fiz escoitou a orde e de seguido sentiuse elevar cara o



alto do muro de pedra. –Carampo, neno, espabila e agóchate nun oco!.

Asegurada a súa posta, ollou para os outros, cada un deles agochado nun burato no alto do muro. Embaixo un home vociferaba e xuraba, morrendo de raiba e enfado. Colouman! (*) Berrábanlle os Graxos dende os escondedoiros. Así houbo de pasar unha hora até que o home marchou, os rapaces deixaron pasar un tempo encalomados nos seus escondites para asegurarse que non era unha trampullada. Ata que a dor nas pernas e a necesidade de botarlle algo ao bandullo os obrigou a tomar terra de novo.

Até que todos estiveron a salvo no Casino e acomodados en torno á táboa, alí non se inaugurou bocado algún. Foi así como Fiz coñeceu e aceptou o santo regulamento dos Graxos “Todo é de Todos”, e como Elvira con inquietude constatou que ela era a única nena naquel lugar, aínda que ninguén máis se percatase da novidade.

Non lle levou moito esforzo acostumarse ás maneiras de Graxo, a vida no Casino resultoulle moi cómoda de levar. As xentes de Ourense miraban aquel lugar con noxo, no Concello referíanse a él como un “foco de infeccións e salvaxismo”, tal era a mala fama que nin os vixiantes tiñan valor de achegarse á choupana. Mais o Casino era para os Graxos o máis real dos seus soños de orfos, seu único lugar de verdadeiro amparo. Alí, fóra do peche da cidade, os rapaces sentían que todo era posible mentres non esqueceran a solidariedade e lealdade entre Graxos. Toda a súa ambición era existir como o que xa eran, unha panda de salvaxes libres cun corazón máis grande que a Catedral de Ourense. Por máis que Concello e Igrexa se afanasen en prendelos ou reconvertelos, nada tiñan que facer contra a vontade e persistencia daqueles piollentos incultos. “Todo é de todos” era o grito de guerra, a única norma, a razón de existir.

Co pasar do primeiro inverno Elvira exercitouse na arte de sobrevivir para esquivar a apatía do sobremorrer que xa coñecera no anterior traballo. Os Graxos eran os donos das sombras da cidade, polas noites paseábanse polas rúas esquivando a vixiancia dos sereos, saían a examinar as hortas fidalgas que eles non traballaban, eran os primeiros en saborear os froitos maduros, recoñecían o cheiro dos fornos desatendidos meténdose dentro para roubar os primeiros bolos da mañá, escapulíanse entre a xente dos mercados alcanzando a comida con mans invisibles, como raposos malandríns coábanse nos galiñeiros, gabeaban árbores con unllas de gato á esculca de niños con ovos, empoleirábanse nos tellados, agochábanse nos buratos, desparecían entre as brétemas para o despiste e o asalto, percorrían a cidade por corredoiras sen trazar, xerando tras de si os seus propios atallos de Graxo... Ao cabo dun tempo sabía e sentía o que quería decir voar sen ter ás e coller a ida do corvo.

Non había sorte que lle tocase a un graxo que non compartira cos demais; a roupa, a comida, os contos, os segredos, o vivir, o soñar... Elvira dentro seu gardaba algo que precisaba ser compartido, a verdade ardíalle no peito sen deixala descansar polas noites presa da ansiedade. Precisaba descubrirse tal cal era, e puxo moita atención para dar co momento oportuno. Este chegou inesperadamente, como soen chegar os momentos oportunos e fermosos escapados da planificación.

Un cálido día do inicio da primavera estaba o Fiz na beira do Barbaña, afanado en calmar a ansiedade matando piollos coas unllas, os piollos eran tamén outro ben compartido no Casino. Ao seu carón foise sentar Maio, un dos graxos cos que tiña máis fiúza. O Maio mirando atentamente á distracción do seu amigo, negou coa cabeza e espetoulle:

- Deixa nas unllas pra mellor ocasión, non trates mal a ises exércitos que nos defenden e gardan sen que coman rancho nin pidan plus, e que sen lle pasar revista de comisario teñen o armamento tan corrente, que non hai quen se estreva a chegar onde a nosoutros. (*)

– Non son os piollos que me amolan!- dixo con enfado Fiz. – Hai algo que me proe dentro do corpo pior que un piollo.

Ante este comentario o Maio abriu os ollos coma se acabase de ver o demo.

– Ai ho! Agora has ter vermes nas tripas! Hante comer por dentro!.

– Non ho! Non sexas parvo ti.... Eu falo de algo máis.... máis de adentro... e voucho contar, porque se non cho conto rebento.

Así foi como Fiz rompeu o seu segredo entre abondosas bágoas. Ao rematar sentiuse

alixeirada, coma se acabara de sacar todos os demos fóra do seu corazón. Pola contra, Maio non sabía onde meterse, case prefería que o seu amigo tivese vermes nas tripas, antes que fose unha nena!

Nin o Maio nin ningún dos outros, sabía como tratar cunha nena, a non ser para voarlles as saias ou regalarlles a cambio dun sorriso. Até ese momento nunca antes se preguntara por que non había nenas entre os Graxos. Só alcanzou a preguntarlle a Fiz cal era o seu nome de nena. “Elvira!” berrou “Elvira! Non preciso máis chamarme Fiz porque xa son feliz!” “Elvira, son a nena..., son a Graxa Elvira! E Graxa serei por toda a miña vida!”

A Maio acabábanlle de dar volta á terra, desmontáranlle a realidade, rompéranlle o linde e tiña vertixe. Aquela nena que apenas levaba uns meses no Casino e case non levantaba cabeza por riba da súa, víñalle dicir que as nenas usan pantalóns, engatan polas árbores, guindan pedras, rouban, queren ser libres e poden ser Graxas!.. A natureza característica da que lle viña o alcume, levou a Maio a estoupar en gargalladas. Elvira contaxiouse, feliz de saber que esas eran gargalladas de aceptación e festexo. Canto mellor soa a risa cando brota dos espíritos libres, cando é expresión de espontaneidade, cando é certeza de que non existe máis momento que o infinito e ilimitado presente.

Non dubidaron nen tatexaron cando, dentro do Casino, contaron aos demais aquel grande descubrimento... as nenas tamén voaban sen ter ás! Tan sinceros foron, que ninguén alí dentro cuestionou tremenda verdade, tan só se lle pedíu a Elvira que se presentase formalmente. Así fixo ela; volvendo atrás no tempo, saiu fora do Casino, soa, deu tres petadiñas na porta, e cando esta se abriu, cun sorriso tan grande coma o ceo ela dixo “Eiquí estou”.

Con ese grande sorriso foi como A Vella atopou á vella Elvira. “Eiquí estou” foi tanto como ela lle dixo, “eiquí estou”, “non teño ás pero sei voar”

Gemblin Patakoko



Durante o século XIX os Graxos da Burga axitaron a cidade de Ourense. Según Lamas Carvajal, os sete primeiros Graxos chamáronse: o Cancheiro, o Carruxo, o Mourón, o Oso, o Pachete, o Portela e o Redes. O lugar chamado Casino deu morada a varias xeracións. Según o mesmo autor, no ano 1846 “coa chegada do provincial de Ourense desapareceron os Graxos da Burga, que se converteron en tambores e cornetas despois de resistir un sitio posto en toda regra por un piquete de soldados”

Na historia estudada e documentada non se recolle a existencia de ningunha Graxa. Sen embargo, nas rúas existían tantas orfas coma orfos. A intención deste contiño é regalarlle un pasado de aventuras a tantas nenas que pasaron e pasan desapercibidas na Historia oficial.

O contiño de “Unha Graxa na cidade” está inspirado nos contos:

“Turuleque” de Francisco Álvarez De Novoa, recollido no seu libro “Pe das Burgas”. La Voz de Galicia, Editorial Galaxia, 1992.

“Gallegada. Tradiciós, costumes, tipos e contos da terriña”; Valentín Lamas Carvajal. VV edicións, 1887.

(*) Expresións recollidas do conto citado de Valentín Lamas Carvajal.

No espello

No espello unha muller,
trazada en surco fino
diluída en primavera,
paralizada no seu reflexo.

No espello pel inquieta,
palpita curiosa.
Sentir de rock and roll.
No espello asoma unha nena

Chistera amateur
ensaiando as primeiras flores.
Ese sentir... descoidado,
ese bulir... descarado!

A lingua flexible
debuxa letras
nos beizos abertos,
rompe o silencio comprometido

Lembra o sabor da pel,
húmido fluir
do pracer esquecido,
golpeado.

A boca recoñece as mans
ata as puntas sutís
dos dedos perfectos
para o corpo que os acolle.

Mexerse...
polo saber de caricias.
Nun ir e vir solista
no concerto do goce

Non hai medo na marcha
de vivir o corpo,
o infinito do corpo
intensamente.

Non hai erros no clítoris,
nos xemidos,
na apertura,
nos fluídos.

Non hai censura no orgasmo.
Éxtase da viaxe,
goce infinito,
regalo do ser.

Gemblin Patakoko

Nada

Há moitas nuvens que nom escrevo.

Já há que nom me escupo num fólio em branco ou num novo documento através de palavras.

Poderia dizer que minha mente como ser infinito limitado num corpo efímero renunciou de mim mas... fum eu a que a matei. E agora ... Where is my mind?

Destroçando.

"A paixom pela destruiçom é umha paixom criativa."

Observa, som o universo e a nada.

Nom existe o tempo. Respiro num eterno efímero presente-instante sabendo que neste mesmo presente-instante som matéria em descomposiçom e formo parte do mesmo montom de esterco que todes es demais.

As noites som voltas e voltas numha cama cos olhos pechados imaginando que estám abertos. Conversaçons co meu inconsciente, desejos profundos.

-Espertar-se coa lua? Olvidas que para isso antes há que durmir.

-Erguer-se coa saída do sol ou ca despedida da escuridade?

-Importa o vento se quenta o sol?

Um sonho disfraçado de realidade, realidade disfraçada de sonho.

Nada é real.

Nada é verdade.

-Por que segues respirando?

–Paixom destrutiva.


'Nada importa.

Há moito que o sei.

Assim que nom merece a pena fazer nada.

Isso acabo de descubri-lo.'

Epy: plumaepynndwem.wordpress.com



Magnifesto ou Manifesto Magnicida



Sim fum eu, e nom me arrepinto, quem matei o presidente do governo. Para aquelas pessoas que me conhecem e querem, dizer-lhes que o fije a mantenta, com orgulho, e que assassinei ao monicreque porque nom puidem nem achegar-me a quem maneja os seus fios. Fige-no polo vosso amor porque alguém tinha que seguir a linha de pessoas que ao longo da história jogarom-se as suas vidas para ajustizar ao mediocre político que fala de benestar entanto morrem de fome extrema miles de pessoas cada dia no mundo. Já sei que o que figem nom é muito, pois os manipuladores dos fios só tenhem que mudar o monicreque e... a seguir vivendo à costa do resto!!.

Mas quanto menos que jurda um certo medo a quem se prestam a ocupar o posto do morto; e que tamém colham esse medo aqueles que se prestam a ser governantes de qualquer parcela do planeta Terra. Que nom vivam tam tranquilos fazendo-lhe as beiras a quem os manipulam em troque de lujos e prebendas. E mesmo poida que esses manipuladores colham, quanto menos, um pouquinho de medo, pois se eu nem me acheguei até eles, que saibam que ao igual, a seguinte pessoa que prove, poida têr melhor sorte e consiga aniquilar a um desses inumanos escravistas assassinos que vivem a conta da explotaçom do resto da humanidade.

Sim fum eu, e nom o agocho, quem matei o presidente do governo. Para aquelas pessoas que me conhecem e nom me aprezam nem me querem porque me consideram um terrorista extremista, dizer-lhes que nom o fije por elas; porque nom merecem nada aquelas que colabouram, por ativa ou passiva, com estes regímenes assassinos, aquelas que participam do sistema dandolhe a sua confiança e o seu poder mediante votos introduzidos numa urna cada certo tempo. Sodes piores que os que dictam as ordes, submissas compracentes por qualquer missero agasalho, instaladas nessa calma estentórea e imóvil, da que vossos amos se congratulam. Creistes-vos o conto orweliano e vos considerades seguras quando sodes tratadas como gando manso coidado por feroces cans de presa e mesmo a vossa submissom vos leva a ser acusons e colabourades com vossos gardiáns e assim nom duvidades em denúnciar umha vizinha que rouba por fome e mesmo ponhedelhe a cambadela quando tenta fugir. Pois se há algo mil vezes pior que a ferocidade dos brutos, é-lo a ferocidade dos cobardes.

Sim fum eu, e voltaria a faze-lo, quem matei o presidente do governo. Para aquelas pessoas que nom me conhecem e que só saberám do que figem polos falsimedios, dizer-lhes que me moveu o meu amor pola natureza, tanto pola humanidade como polo resto de seres que moram e conformam este planeta; que nom foi o ato impulsivo dum tolo senom que foi bem pensado, planificado e calculado para nom causar dano a ningum inocente.

Porqué alguém tinha que retomar a limpeza de indesejaveis governantes que ne-

gociam com nossas vidas e nossa saúde, que destroçam quanto é belo de “per se” para benefício exclusivo dos que lhe manejam os fios, que entanto mantenhem na miséria e na escravitude á maioria da povoaçom, ponhem valados e reixas para evitar o acesso aos paços e mansions dos seus amos e senhores e nom duvidam em mandar assassinar a quem pretenda entrar nesses seleitos domínios.


E se é de tolos tomar a peito o meu papel de verdugo contra o monicreque que legisla e regula ao antolho dos ricos e poderosos, podedes considerarme um tolo; porque sempre gostei da tolémia como a arte de evitar a docilidade, a submissom e a mansedume na que caeu a maioria da sociedade.

Quando leades isto já estarei morto pois justo antes de cometer o meu magnicídio tomei a dose precisa de morfina que me permitira matar o presidente e ser infalível para depois morrer docemente cum amplo sorriso. A vida depois de mim seguirá dando nojo pero eu marcho contente.

Só me resta por dizer que nom me arrepindo, que voltaria faze-lo, que nom quero nem busco perdons, nem sequer loubanças, nom pretendo ser nem heroe nem mártir, o que figem eu pode faze-lo qualquer, por isso quizás so espero que serva de ejemplo e que muitas se sumem á minha tolémia. Para mim foi uma honra continuar a obra de Gavrilo Princip, Sante Caserio, Luigi Lucheni, Gaetano Bresci, Leon Czolgosz, Mateo Morral, Michelle Angiolillo, Manuel Pardiñas, Pere Mateu, Luis Nicolau e Ramón Casanellas.

Entretanto: Que vos aproveite!!

Ivam Diez



A moi curta historia do novo movemento anarquista en Rusia

Agora mesmo Rusia é o sitio máis interesante do mundo para ser anarquista. Como se chegou a este punto?

As anarquistas da Unión Soviética foron case completamente aniquiladxs nos anos 1930. Só un puñado sobreviviu. Algunhas conseguiron ver o auxe do novo movemento anarquista en 1980, por exemplo as irmás Tatjana e Anna Garaseva, as cales participaron no movemento anarquista en Moscú nos anos 1920. Anna axudou a Aleksander Solenitsyn a xuntar material que el logo empregou como base para o seu libro *Archipiélago Gulag* [1]. Zora Ganlevskaja, que morreu en 1987 con 90 anos, xuntouse co movemento dos disidentes tan pronto como volveu de exilio interno, despois da morte de Stalin, e o seu apartamento chegou a ser un punto de encontro para o movemento.

Non obstante houbo tan poucos que sobreviviron, e os que sobreviviron eran xa tan maiores, que o movemento que xurdiu en 1980 tivo que organizarse sen poder contar coa axuda de referentes vivos. A pesar do feito de que se formaron grupos anarquistas en cada década da época Soviética, a policía sempre acabou dispersándoos e non houbo posibilidade de continuidade. Algunhas das activistas destes grupos dispersados chegáronse a coñecer só despois da caída da Unión Soviética, por exemplo Mose Gontsaruk, quen fora a vivir en Israel e que entre os anos 1979 e 1984 formou parte dun grupo anarquista clandestino en Leningrado. Finalmente o KGB conseguiu asustar ao grupo e dispersar aos seus membros sen levar a cabo ningunha detención.

A Federación Anarcocomunista de Irkutski, fundada en Irkutski, Siberia, en 1982, é o primeiro grupo que tivo continuidade ata o presente. Tiña catro membros e o xornal do grupo facíase de forma manual, sendo só dúas copias de cada número as que se publicaban. O fundador do grupo, Igor Podsivalov, foi expulsado da universidade en 1984, dous días antes da defensa do seu traballo final de grao. Ata a época da Perestroika [2] intentou manter un nivel de actividade baixo, traballando en varias cousas, porque cunha condea máis lle tería caído unha pena de cárcere.

No ano 1989 Igor participou no primeiro encontro da Confederación Anarquista (KAS), creado un ano antes. Durante algún tempo KAS conseguiu xuntar prácticamente a todxs as anarquistas da Unión Soviética.


KAS fixo que se achegaran moitos tipos de persoas diferentes, por exemplo Pjotr Siuda, un dos participantes na rebelión de Novotserkasski 1962 [3], quen foi asasinado en condicións sospeitosas en Maio de 1990.

Moitos dos membros fundadores do grupo viñan dunha traxectoria de estudos de Historia e de Letras, debido en gran parte ao feito de que

1 . A obra foi composta por textos sobre as propias experiencias do autor, xunto con máis de dous centenares de testimonios orales dxs compañeirxs sobre as suas experiencias nos campos de concentración, nas prisións, sobre o traballo e a reeducación (gulag) baixo o sistema estalinista.

2. A Perestroika refírese á época na Unión Soviética liderada por Mijaíl Gorbachov, na cual levouse a cabo unha serie de reformas no sistema económico coa intención de conservar o sistema socialista. A Perestroika foi tamén caracterizada por unha apertura cara os medios de comunicación e relacións políticas.

3. En 1962 houbo unha greve na fábrica de locomotoras eléctricas en Novotšerkasski, onde os traballadores fixeron unha manifestación en contra da suba de prezos impulsada dende Moscú. A manifestación e a greve acabou en cargas de oficiais da KGB, co resultado de 16 persoas mortas e ducias de feridas.



os investigadores tiñan acceso a libros prohibidos, gardados en almacéns "especiais" das bibliotecas na Unión Soviética.

Entre outros, os investigadores tiñan acceso a textos de Bakunin, Kropotkin, e de socialistas cuxas ideas diferían das ideas oficiais do estado. Non obstante, ás veces só o feito de ter acceso a eses materiais convertíanxs en anarquistas ou noutro tipo de "herexes" socialistas. Pero desta maneira, os libros estendéronse fóra dos almacéns en forma de copias ilegais caseiras.

Esta xénese do movemento anarquista dos 80 foi reflectido na súa forma. A literatura que se encontrou nos almacéns especiais fora imprimida antes de 1930. Nos anos 80 non existían moitos textos en ruso sobre as ideas da "nova esquerda" dos 60, isto é as marxistas antiautoritarias, as feministas, as teorías postmodernas e outras parecidas. O movemento anarquista renaceu como unha imitación do movemento que existira sesenta anos atrás, definido por Kropotkin e Mahkno, en vez de polas situacionistas ou pola Escola de Frankfurt. De feito as ideas da "nova esquerda" empezaron a ter eco en Rusia máis tarde, estendéndose lentamente ao longo dos anos 90.

Pola forma de organización, KAS foi inspirado sobre todo por Komsomol [4] , no cal a maioría dos seus membros tiñan experiencia. Mais a ascensión de KAS foi tan rápido como a súa caída. Despois da reformista Rusia Democrática e a radical (en relación ás súas accións e relativo ás condicións da Unión Soviética) Unión Democrática, KAS foi unha das organizacións máis importantes en Rusia e Ucraína durante a Perestroika. Ata a mencionan nalgúns libros de historia recén publicados que se utilizan en colexios rusos. Aínda que KAS tivo só algo preto de mil membros, pero naqueles anos esa cantidade era moi significativa. Nos seus mellores momentos publicáronse 30 000 copias do xornal da organización e a demanda foi incluso maior, mais a infraestrutura existente non deu para producir máis.

A pesar do seu nome, KAS uniu a moitos tipos de anarquistas de diferentes escolas. Non obstante, algúns dos membros críticos de sindicalismo separáronse do grupo no verán de 1990 e crearon a Asociación do Movemento Anarquista (ADÍE).

KAS non sobreviviu á caída da Unión Soviética. O derrubamento da economía foi un golpe forte para os intelectuais que crearan a base teórica da organización. O traballo de investigadores e profesorado foi moi mal pagado e a moitas faltábanlles coñecementos e conexións para sobrevivir facendo outra cousa. Polo tanto, moitas víronse obrigadas a minimizar as súas actividades sociais políticas ou incluso a deixalas completamente.

E algúns dos membros de KAS uníronse co movemento sindical estatista que nacera na Unión Soviética, intentando convertelo en algo máis sindicalista. Non obstante, as institucións acabaron cambiándoos máis a elxs que viceversa. Por exemplo, Andrei Isajev, un dos que colleu ese camiño, é agora parlamentario de cuarta tempada e presidente do sector social e de traballo na Duma [5].

Tamén foi cosecretario do comité executivo do partido Rusia Unida pero deixou o posto cando se filtraron aos xornais videos sobre el, borracho nun avión.

A crise do KAS e do movemento anarquista da época da Perestroika non foi só económica, senón tamén ideolóxica. A Perestroika foi caracterizada por un forte elemento ou impulso cara o traballo en común entre organizacións, que superara as diferenzas políticas. Considerábaselle á Unión Soviética como un inimigo tan forte que os "outros inimigos" estaban en segundo plano. Cando os anarquistas Aleksei Rodinov e Aleksandr Kuznetsov foron acusados, entre 1991 e 1992, de enfrontamentos con policías secretas despois dunha manifestación da Alianza Democrática, todos os que formaban parte da oposición en Moscú saíron na súa defensa, dende anarquistas e liberais ata a organización nacionalista Pamjat. Ao ano seguinte, Rodionov e Kuznetsov saíron do cárcere. Aquela vitoria quedou como a última conseguida pola "fronte unificada" do movemento democrático pois xa non existía a Unión Soviética.

A maior parte dese movemento máis amplo, onde participaron tamén as anarquistas, anhelaba cambios, aínda que pronto os anarquistas rápidamente se posicionaron en contra das reformas económicas liberais.

4. A organización xuvenil do Partido Comunista da Unión Soviética.

5. A cámara baixa da asemblea da Federación Rusa (parlamento)

KAS, en cambio, non se posicionou en contra das programas de privatización porque agardaba inxenuamente que a privatización abrira posibilidades para os traballadores en canto á xestión de fábricas cando en realidade os traballadores non tiñan nin marxe económica nin posibilidade práctica para invertir nos bonos de privatización que se lles concederan. E os poucos capitalistas que xuntaran o seu capital inicial nos anos 80, lograron manexar os fíos ao seu favor rematando así as fábricas nas súas mans por prezos moi baixos.

Así foi como naceu unha sociedade onde un cento de oligarcas ten o poder dunha terceira parte da riqueza.

Aparte dos movementos anarquistas e democráticos todas as demais iniciativas do pobo se estancaron. Nas manifestacións da época da Perestroika xuntáronse ducias e mesmo ata centos de miles de persoas e en 1993 [6] os stalinistas e nacionalistas que estaban en contra das reformas económicas, mobilizaron miles de persoas. Pero despois da violenta disolución da crise da constitución en 1993 , xa non había manifestacións grandes en Moscú, aparte das marchas ritualistas do primeiro de Maio, ata que xurdiu o movemento en contra da corrupción electoral en 2011-2012.

Diría que unha gran parte dos problemas de Rusia hoxe en día se deben ao feito de que a Unión Soviética caeu tan rápido que os movementos de base non tiñan tempo para crear unha infraestrutura duradeira para o pobo capaz de enfrontarse aos poderosos “democráticos”. A pesar de ter centos de miles de simpatizantes, os movementos da época da Perestroika tiñan poucas activistas, e os que estaban faltáballes experiencia.


A quebra moral do liberalismo tamén arrastrou consigo o movemento anarquista, porque debido ás obrigas xeradas pola situación en que se estaba, xa dende a Perestroika os dous movementos traballaran moi á par. A crise dos 90 fixo que desaparecese o movemento anarquista case totalmente e todas as iniciativas que houbo despois para crear outra vez o movemento, representan diferentes intentos de saír daquela crise. A asociación dos movementos anarquistas chegou a ser pouco máis que un organismo que propagaba as súas opinións.

E na crise económica dos 90 non foi capaz de coordinar accións prácticas. Neste aspecto, tiveron máis éxito os Rainbow Keepers, do cal usarei o seu nome traducido ao inglés porque se coñece máis internacionalmente.

Rainbow Keepers foi creado en 1990 nunha acampada de resistencia en Balakovo, en contra da enerxía nuclear. Organizou a súa primeira protesta propia un ano máis tarde, convocando a unha manifestación en con-

6. Crise político-económica post-Soviética onde Boris Yeltsin, que representaba a privatización radical e o parlamento, disolveu o parlamento nalgo que se describiu coma un golpe de estado. O 2, 3 e 4 de Outubro organizáronse manifestacións masivas polas rúas, co resultado de 187 persoas mortas e 437 feridas (incluidas moitas parlamentarias). En decembro de 1993 aprobouse unha nova constitución por referéndum e Rusia pasou a ter un sistema fortemente presidencial, seguindo á par coa privatización radical.





tra dunha fábrica de sustancias químicas en Zaporija en Ucraína.

En moitos sentidos Rainbow Keepers foi o contrario a KAS. Non tiña ningún órgano oficial, só unha asemblea aberta que se organizaba anualmente. Calquera persoa que algunha vez participara nunha acción de Rainbow Keepers podía chamarse membro do grupo e organizar accións baixo o seu nome.

O concepto das acampadas de resistencia é unha das poucas formas de acción que sobreviviu ás condicións dos 90. Rainbow Keepers non naceu da nada en concreto. Nos sitios onde as protestas tiñan éxito, sempre existía unha base de moitos anos de traballo por parte de activistas locais, pero o que facía a xente local era invitar a Rainbow Keepers para que viñese e chamase máis a atención de certas historias e , de feito, moitas veces isto conduciu á vitoria, como por exemplo en Votkinski, nas protestas en contra dun centro de reprocesamento de misís en 2001, ou en Azov en contra do terminal de exportación de metanol en 2003 [7] , ou en Sasovo, Rjazan, en contra dun centro de reprocesamento de metal de reciclaxe en 2008.

As tácticas de Rainbow Keepers resultaron ter especial éxito en cidades con algunhas ducias de miles habitantes, onde aínda existían os lazos sociais suficientemente fortes para unir a todo o mundo por unha causa común, aínda que fora só por un momento. Por exemplo, na cidade de Votkinsk, na rexión Ural, con arredor de 100.000 habitantes, nos mellores momentos participaron 3.000 persoas nas manifestacións. Por outra parte, dos 90.000 habitantes de Azov case unha décima parte participou nas manifestacións. Mais nas cidades máis grandes e máis atomizadas as campañas de Rainbow Keepers non tiveron tanto éxito.

O teórico quizais máis importante dos Rainbow Keepers foi Sergei Fomitsjov, quen participara no movemento ecoloxista na Unión Soviética xa dende mediados dos 80. El publicaba unha revista pequena co nome "Tercer camiño", que tivo moita relevancia na propagación do pensamento radical ecoloxista. E unha das inspiracións máis importantes de Fomitsjov foi a ecoloxía social de Murray Bookchin. Fomitsjov intentou conducir a actividade de Rainbow Keepers imitando un pouco os modelos de ecoloxía social de Bookchin, e participou nas eleccións en Kasimov, na provincia de Rjazan. Non obstante fracasou no intento.

A última conferencia de Rainbow Keepers foi organizada en 2003 e a acampada de Sasov en 2008 foi a última que se organizou baixo o lema de Rainbow Keepers. Agora Fomitsjov vive en Ucraína e é famoso escritor de literatura de fantasía.

Así, Rainbow Keepers representou o contrario a KAS en moitos sentidos. A formalidade substituiuse coa informalidade e a teoría coa acción directa. As subculturas de mozas e mozos formaron unha parte moi visible de Rainbow Keepers. Abriuse unha brecha no movemento anarquista entre os intelectuais dos 80 e as subculturas da mocidade dos 90, e esa brecha aínda non se conseguiu pechar. Non obstante, esa mocidade das subculturas dos anos 2000, na súa maioría, viña de familias intelectuais empobrecidas. Pjotr Silajev, escritor exiliado en Finlandia, na súa autobiografía "Eksodus", co pseudónimo de DJ Stalingrad, presenta a tese sobre como esta clase de intelectuais empobrecidos é a que máis perdeu na caída da Unión Soviética. Por aquela razón forma a base máis importante de cultivación de ideas anticapitalistas en Rusia.

A "Nova Opción Revolucionaria", NRA, representou unha liña de acción directa aínda máis radical que Rainbow Keepers, levando a cabo atentados con bombas na zona de Moscú nos anos 1996-1999. Non obstante, o intento de levar a cabo unha loita armada clandestina chegou á súa fin coas detencións de supostos membros do grupo. Foron enviados tres anarquistas e tres estalinistas ao cárcere e foron sometidos a tratamento involuntario entre 3 e 9 anos de duración. O tribunal de Estrasburgo anulou as súas sentenzas case dez anos despois, e agora dous membros do grupo están de novo sometidos a procesos xudiciais en Moscú. Os demais non recurriron ou as súas condeas foron directamente arquivadas..

A cuarta tendencia que apareceu dentro do movemento anarquista coa crise dos 90, foi o achegamento á "esquerda". A tendencia de KAS cara a privatización foi coidadosa e neutral e o seu programa económico promoveu un tipo de socialismo de mercado. Entre os teóricos clási-

7. Para máis información sobre o tema, ver o texto sobre mvementos ecoloxistas radiacais en Rusia, "Equality in radical environmental protest: pragmatism or imposed ideology?", que se pode descargar enteiro en http://avtonom.org/files/lib/ligachev.pdf (inglés).

cos anarquistas, KAS foi máis influenciado por Proudhon e tamén polas ideas colectivistas de Bakunin. Por outra banda, tamén nos anos 80, as ideas do anarquismo individualista tiveron moito apoio e todos tiveron unha actitude reservada cara o anarcocomunismo de Kropotkin.

Non obstante, dende entón a crítica cara o sistema soviética foi sustituída pola crítica cara o capitalismo, e o anarcocomunismo é claramente a escola con máis influencia no movemento anarquista. Esta tendencia apareceu por primeira vez coa "Iniciativa anarquista revolucionaria" IREAN, creado en marzo do 1991. IREAN publicaba a revista "Estrela Negra", que foi a primeira en popularizar as ideas do movemento autónomo de Europa occidental (sobre toda Alemaña) en Rusia.

En agosto de 1991 KAS, xunto co movemento democrático, estaba nas barricadas defendendo á casa branca en contra da intención dos stalinistas de levar a cabo un golpe de estado, e unha das barricadas era de anarquistas. IREAN posicionouse en contra dos dous partidarios opostos. Polo ano 1996 IREAN foi disolto e o que quedou do grupo foise achegando ao anarcosindicalismo, creándose a Confederación Revolucionaria de Anarcosindicalistas, ainda que non tivo moita influencia no movemento obreiro.

No ano 1995 fundouse a revista "Avtonom", é dicir Autónomo, inspirada pola Estrela Negra, en Krasnodar. Seguindo as liñas da revista primeiro creouse unha federación anarquista local co nome Kuban e logo, en 2002, a organización Acción Autónoma, da cal eu tamén formei parte.

A Acción Autónoma pódese definir como "comunismo libertario" porque persoas marxistas antiautoritarias tamén poden participar nela. Na práctica, a maioría dos membros sempre foron anarquistas. Pódese considerar que Acción Autónoma foi xa, durante máis de dez anos, a organización anarquista máis grande do que antes era a Unión Soviética. Nela participaron grupos locais, dende Murmansk a Sots e de Kalingrad a Magadan, ademais de Minsk, Alma-Ata e de moitas cidades en Ucraína. Non obstante, aparte dos grupos de Moscú e San Petersburgo, os demais poucas veces sobreviviron máis de tres anos debido á presión que recibían por parte das autoridades locais, e tamén porque a xente se muda.

O movemento anarquista en Rusia experimentou un crecemento continuo dende o ano 2000, e durante os últimos 15 anos foi posiblemente o sitio máis interesante do mundo para ser anarquista.

Cando me fun a Moscú a vivir en 1999, coñecín perto de trinta anarquistas na cidade. Apenas a dez interesábaselles o activismo. Agora os anarquistas, nos seus mellores momentos, poden mobilizar 500 persoas nas manifestacións. Dentro da oposición de Moscú só a extrema dereita pode mobilizar a máis mozos que os anarquistas. Os Nacionalbolcheviques, e as xuventudes liberais ou stalinistas son os que teñen menos forza.

Os anarquistas tiveron tamén un papel central no movemento xuvenil antifascista na última década. En San Petersburgo e nalgunhas outras cidades as anarquistas tradicionalmente formaron a maioría de Antifas. En Moscú a maioría dos membros de Antifa apoia a outros correntes políticos (dende a esquerda e liberais ata conservadores), pero as estratexias e tácticas foron sobre todo impulsados por anarquistas. A pesar das súas moitas carencias creo que a historia Antifa en Rusia foi unha das historias máis exitosas de organización anarquista nos últimos 20 anos, xunto coas acampadas.

Non obstante as redes informais creceron máis rápido que as organizacións formais despois do ano 2000. A páxina anarquista máis grande dentro do VK (algo parecido ao Facebook) ten case 30.000 subscritores, e na páxina de Acción Autónoma hai 10.000, aínda que ten só apenas 200 membros oficiais. Moitos non ven sentido en facerse membro oficialmente, porque se pode encontrar toda a información sobre os acontecementos polos medios sociais.

Por outra parte nos medios sociais máis populares de Rusia non hai formas de facer decisións moi transparentes sobre o que se publica e o que non nas páxinas, e ás veces é sorprendente o que as persoas que o xestionan (que adoitan ser bastante arbitrarias) consideran como "anarquismo". Á maioría dos que apoian o anarquismo no mundo virtual nunca se lles ve na rúa.

Aínda non queda claro como se vai distribuír o traballo entre as organizacións formais, as redes informais e os medios sociais, e como rematará a transición do movemento anarquista que empezou coa caída da Unión Soviética,

Antti Rautiainen


ABORDAXE



abordaxe.wordpress.com

abordaxe@bastardi.net